



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de marzo de 2018**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catroce horas e vinte e cinco minutos do día un de marzo de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(190).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

**2(191).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO PARA O CPD MUNICIPAL. EXPTE. 8447/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro de Economía e Facenda e o concelleiro delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSPP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante Resolución de 01/02/2018 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro e instalación dun grupo electrógeno para o CPD municipal

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 01/02/ 2018
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 01/02/ 2018 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo técnico responsable de redes, comunicacións e seguridade so servizo de Administración Electrónica con data 08/02/ 2018 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto con publicidade de data 26/02/2018 .
- Informe favorable ó expediente de contratación da Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica de datas 23/02/2018 e 26/02/2018 .

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 01/02/2018 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo técnico responsable de redes, seguridade e comunicacións do servizo de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.



## Concello de Vigo

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segundo da Lei 3/2011 de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 23/02/2018 e 26/02/2018, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndolo o expediente co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

**Quinto.-**Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

**Sexto.-**No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación.

**Septimo.-**A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

### PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con publicidade para o subministro e instalación dun grupo electrógeno para o CPD, que contén o prego de prescricións técnicas de data 08/02/2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministro aberto con publicidade de data 26/02/2018.
2. Aproba-lo gasto de 40.000,00 € para para a contratación do subministro e instalación dun grupo electrógeno para o CPD con cargo á partida do exercicio 2018 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA 21%	Base	Importe total
---------	-----------	---------	------	---------------

6290000.9 207	2018	6.942,15 €	33.057,85 €	40.000,00 €
------------------	------	------------	-------------	-------------

3. Autorizar o pago do subministro e instalación dun grupo electróxico para o CPD tras a recepción do subministro e a instalación do mesmo.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(192).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E ASISTENCIA DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E NÓMINA. EXPTE. 8470/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica, o xefe do Servizo, e conformado polo tesoureiro municipal, o concelleiro delegado de Economía e Facenda e o concelleiro de Administración Electrónica, que di o seguinte:

#### **Normativa de Aplicación**

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSF)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

#### **Antecedentes**

**Primeiro.-** Mediante resolución de data 14/02/2018, o Concelleiro delegado de Administración Electrónica autorizou o inicio do procedemento de contratación do servizo para o "Mantemento de Aplicacións externas: Xestión de RR.HH. e nómina".

**Segundo.-** No expediente en tramitación, ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:



## Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade da contratación, asinado pola Adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica en data 14 de febreiro de 2018.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do Concelleiro Delegado de Administración Electrónica do 14 de febreiro de 2018.
- Prego de prescricións técnicas particulares, asinado pola Adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 14 de febreiro de 2018.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada pola Adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 20 de febreiro de 2018.
- Dilixencia de modificacións á memoria xustificativa, asinada pola Adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica o 21 de febreiro de 2018.
- Informe do servizo de Contratación sobre o cumprimento dos requisitos legais mínimos para a tramitación do contrato, asinado o 22 de febreiro de 2018.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación o 23 de febreiro de 2018.
- Informe xurídico favorable respecto ao prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal o 23 de febreiro de 2018.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 14/02/2018 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro, Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, foi asinado pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 23/02/2018 o informe favorable ao expediente de contratación, devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

**Quinto.-** Segundo a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da

Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

**Sexto.-** No artigo 93-3º da LCSP establecece que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

**Sétimo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º da Lei 3/2011, de 14 de Novembro (Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público). A resolución, segundo o artigo 94 1º da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

## PROPOSTA

Atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

1. A aprobación do expediente de contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, para soporte de mantemento da aplicación de Xestión de RR.HH. e Nómina e asistencias técnicas adicionais, que contén o prego de prescricións técnicas de data 14/02/2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade, de data 23/02/2018.
2. A aprobación do gasto por importe de 100.372,00 €, atendendo ao seguinte reparto:

Partida	Exercicio	Base	IVE.	Importe total
9207.2279902	2018	21.000,00	4.410,00	25.410,00 €
9207.2279902	2019	21.000,00	4.410,00	25.410,00 €
9340.2270602	2018	20.476,03	4.299,97	24.776,00 €
9340.2270602	2019	20.476,03	4.299,97	24.776,00 €
Totais:		<b>82.952,06</b>	<b>17.419,94</b>	<b>100.372,00 €</b>

3. A autorización do pago dos servizos referitos ao mantemento e subministro das versións do programa ao comenzo do exercicio correspondente ou, no seu caso, tras a firma do contrato.
4. A apertura do procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **4(193).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE DISCOS E ELECTRÓNICA ASOCIADA, PARA O SISTEMA DE ALMACENAMENTO CORPORATIVO CON DESTINO AO ARQUIVO DIXITAL. EXPTE. 8453/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización de data 1/03/18, dáse conta do informe-proposta do, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro de Economía e Facenda e o concelleiro delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSF)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante Resolución de 05/02/2018 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de discos, e electrónica asociada, para o sistema de almacenamento corporativa con destino ó arquivo dixital.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 05/02/ 2018
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 05/02/ 2018 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 05/02/ 2018 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto con publicidade de data 27/02/2018 .
- Informe favorable ó expediente de contratación da Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica de datas 14/02/2018 e 27/02/2018 .

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 05/02/2018 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segundo da Lei 3/2011 de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 14/02/2018 e 27/02/2018, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndo o expediente co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

**Quinto.-**Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

**Sexto.-**No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación.

**Septimo.-**A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

## **PROPOSTA**

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:





## Concello de Vigo

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con publicidade para o subministro de discos, e electrónica asociada , para o sistema de almacenamento corporativa con destino ó arquivo dixital , que contén o prego de prescricións técnicas de data 05/02/2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministro aberto con publicidade de data 27/02/2018 .
2. Aproba-lo gasto de 130.000,00 € para para a contratación do subministro de discos, e electrónica asociada , para o sistema de almacenamento corporativa con destino ó arquivo dixital con cargo á partida 6260002-9207 (OT2 LA1, AE. ADP LEI 39/40/2015 EQUIPOS) do exercicio 2018 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
6260002.9207	2018	22.561,99 €	107.438,01 €	130.000,00 €

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.

3. Autorizar o pago do subministro discos, e electrónica asociada , para o sistema de almacenamento corporativa con destino ó arquivo dixital tras a instalación e posta en produción do subministro obxeto do contrato.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(194).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E ASISTENCIA DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DE TERCEIROS (ESTATÍSTICA 2018) PARA A XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES E ASISTENCIAS TÉCNICAS ASOCIADAS A DITA XESTIÓN. EXPTE. 8440/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización de data 1/03/18 , dáse conta do informe-proposta do 28/20/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a xefa do Servizo de Estatística, o concelleiro de Economía e Facenda e o concelleiro delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante Resolución de 16/01/2018 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións informáticas propiedade de terceiros (Estatística)

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 16/01/2018
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 16/01/2018 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 29/01/2018 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade de data 27/02/2018 .
- Informe favorable ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de 13/02/2018 e 27/02/2018.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 25/01/2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.



## Concello de Vigo

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 13/02/2018 e 27/02/2018, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

**Quinto.-**Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) “Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade” da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

**Sexto.-**No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

**Septimo.-**A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto.

### PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade para ó mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) para a xestión do padrón municipal de habitantes e asistencia técnicas asociadas a dita xestión, que contén o prego de prescricións técnicas de data 29/01/2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 27/02/2018 .
2. Aproba-lo gasto de **101.621,86 €** para para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) para a xestión do padrón municipal de habitantes e asistencia técnicas asociadas a dita xestión con cargo as partidas 9207.2270601, 9207.2279902 ,9231 2279901 dos presuposto dos exercicios 2018, 2019 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	2018	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9207.2270601	2018	7.392,00 €	35.200,00 €	42.592,00 €
9231.2279901	2018	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
9207.2279902	2019	2.519,12 €	11.995,81 €	14.514,93 €
9231.2279901	2019	2.603,31 €	12.396,69 €	15.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>17.636,86 €</b>	<b>83.985,00 €</b>	<b>101.621,86 €</b>

3. Autorizar o pago dos servizos referidos ó mantemento e subministro das versións dos programas o comezo do exercicio correspondente ou no seu caso tras a firma do contrato.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(195).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E NAS UBAS DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 149705/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/02/18 e o informe de fiscalización de data 27/02/18, dáse conta do informe-proposta do 26/02/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 12.01.2018 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e nas UBAS de Benestar Social, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación emitido polo Xefe de Área de Benestar Social o 12.01.2018.



## Concello de Vigo

- Memoria Xustificativa e Prego de Prescricións Técnicas asinados o 12.01.2018 polos Xefes de Servizo de CEDRO e Benestar Social e polo Xefe de Área, conformados pola Concelleira delegada de Política Social.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 26.01.2018.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (versión definitiva) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 23.02.2018.
- Informes favorable ó PCAP da Asesoría Xurídica municipal do 15.02.2018 , 19.02.2018 e 23.02.2018.

### I. NORMATIVA RELACIONADA

- TRLCSLP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público (en vigor a partir do 09.03.2018, agás Art. 159.4.a), Art. 32.2.d), Arts. 328-334 e Art. 150.1. pfo. 3º)]. Disp. Transitoria primeira).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1. Xustifícase este contrato na necesidade de garantir a seguridade tanto das persoas usuarias como dos/as traballadores/as de CEDRO e UBAS de Benestar Social (Coia, Rivera

Atienza, Teis e Casco Vello) e das súas instalacións. No caso de CEDRO, incluírá tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios.

III.2. O servizo de vixilancia e seguridade que se pretende contratar realizarase por vixilantes de seguridade sen arma. As súas funcións xerais serán:

- Velar pola seguridade das dependencias, instalacións, mobiliario, persoas usuarias, visitantes e traballadores/as.
- Colaborar na atención ás persoas usuarias e visitantes das dependencias e actividades e no cumprimento das normas de funcionamento dos servizos.

III.3. De acordo co disposto no Art 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iniciarase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos municipais. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 12.01.2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.4. Constan nel, tal como esixe o Art. 109 do TRLCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Área de Benestar Social e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefatura de Contratación. A versión definitiva do PCAP, anexado o 23.02.2018 ó expediente de referencia co trámite nº 84, incorpora xa as observacións realizadas pola Asesoría xurídica municipal e a corrección dos erros materiais detectados posteriormente sobre o cálculo das anualidades e o valor estimado do contrato. Esta última versión foi tamén informada favorablemente pola Asesoría xurídica o 23.02.2018.

III.5. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto con tramitación ordinaria (Cláusula 9ª e Apdo. 1.G) das FEC). Pola súa contía, trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada e susceptible de recurso especial en materia de contratación (Arts. 16 e 40 TRLCSP).

III.6. En cumprimento do disposto nos artigos 115, Disposición adicional segunda, Apdos. 7º e 8º do TRLCSP e Disposición adicional oitava da LRBRL, emitiuse pola Asesoría xurídica do Concello de Vigo o 15.02.2018 ,19.02.2018 e o 23.02.2018 informes favorables ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

III.7. O Art. 109.3 do TRLCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.8. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, pfo. 3º, do TRLCSP. A resolución, segundo o Art. 110.1 do TRLCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO



## Concello de Vigo

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de seguridade e vixilancia en CEDRO e nas UBAS de Benestar Social, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 12.01.2017 (con Anexo I do 13.02.2018: trámite nº 47), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (23.02.2018) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (290.596,68 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 3112.227.01.00 - “*Contratación servizo seguridade*” dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2018: 30.270,49 €
- 2019: 72.649,17 €
- 2020: 72.649,17 €
- 2021: 72.649,17 €
- 2022: 42.378,68 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(196).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS CONTRA ACORDO XGL POLO QUE SE DENEGARON SOLICITUDES DE CONCESIÓN DE AXUDAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2017-2018. EXPTE. 138777/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data e o informe de fiscalización de data, dáse conta do informe-proposta do 14/02/18, asinado pola traballadora social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, e fiscalizado e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 02.05.2017, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS

MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2017-2018», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 138777/301).

I.2. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 consignárase unha cantidade por importe de 1.200.000 € destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*”), aprobándose en sesión extraordinaria e urxente da XGL do 21.09.2017 unha ampliación orzamentaria para as axudas de libros, material escolar e comedor (Exp. nº 146323/301).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais, na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 90, do 11.05.2017 e o extracto da convocatoria publicouse no BOP n.º 94 do 18.05.2017.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 3.450 que corresponden a 4.613 alumnas/os, das/os que 1.855 solicitaron libros e material escolar e 3.964 comedor, que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 06.02.2018).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 05.10.2017 acordou, por proposta do instructor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: *Axudas municipais de libros e material escolar curso 2017-2018:*

*1.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.324 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na base 6ª da convocatoria, existindo crédito orzamentario para a súa concesión. O gasto de 112.540,00 € financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00, RC 201700041048 (110.000,00€) e RC 201700091930 (2.540,00€), aboándose mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).*





## Concello de Vigo

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza cunha renda per cápita anual de -8.127,56€ co expediente núm. 3605703002673 e remata cunha renda per cápita anual de 4.791,13€ co expediente núm. 3605715004204.

1.2. Denegar as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 531 alumnas/os que se relacionan no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605715002722 e remata co expediente núm. 3605705003673, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor curso 2017-2018:

2.1. CONCEDER axudas municipais de comedor ás/ós 3.181 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª), existindo o orzamento necesario. O gasto do exercicio de 2017 aboarase con cargo a aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, RC 201700041049 (375.780,80€) e RC 201700091930 (110.924,29€).

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 739,252,32€ para axudas de comedor 2018 (xaneiro-xuño) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e pagarase con cargo a RCFUT 201700041050 (714.219,20€) e RCFUT 201700091934 (25.033,12€)

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II, que comeza cunha renda per cápita anual de -8.327,42 € co expediente núm. 3605721000991 e remata cunha renda per cápita anual de 4.788,62€ co expediente núm. 3605706003068.

2.2. Denegar as axudas municipais de comedor ás/ós 783 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza cunha renda per cápita anual de -2.761,27€ co expediente núm. 3605723003929 e remata cunha renda per cápita anual de 20.126,55€ co expediente núm. 3605705003673, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

2.3. Denegar as solicitudes de axudas municipais escolares que a seguir se relacionan e polas causas que en cada caso se expresan:

DNI/NIE/Pasaporte	MOTIVO DA DENEGACIÓN
77002807-A	Unidade familiar non empadroada no municipio
36065047-N	Unidade familiar non empadroada no municipio
39465015-M	Unidade familiar non empadroada no municipio

TERCEIRO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no "Portal da Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo

*de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

I.8. Contra aquel acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 05.10.2017, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.



## Concello de Vigo

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración, propón DESESTIMAR expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º X9124071-Q (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36120300-L (nº 24), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos e ESTIMAR os relacionados no ANEXO II, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º X1367890B (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36134320D (nº 7), polas razóns que en cada caso se indican.

### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración (Acta do 06.02.2018), propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 05.10.2017 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas Municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2017-2018» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º X9124071-Q (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36120300-L (nº 24).

Requisito incumprido (Base 6ª):

	<b>DNI</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>DATA</b>	<b>MOTIVO</b>
1	X9124071Q	170150390	02/ 11/ 17	e
2	53177098V	170142399	18/ 10/ 17	e
3	36058254G	170144056	23/ 10/ 17	f
4	09426008X	170154461	08/ 11/ 17	f
5	36156782T	170147226	27/ 10/ 17	f
6	36110751S	170147065	27/ 10/ 17	e
7	36133160E	170146970	31/ 10/ 17	f
8	X6527442L	170149845	31/ 10/ 17	f
9	76932176M	170142082	18/ 10/ 17	f
10	36158354P	170151378	31/12/17	f
11	36131111C	170146269	26/ 10/ 17	f
12	44484879G	170153210	07/ 11/ 17	f
13	36111850X	170153083	06/ 11/ 17	f
14	36039301A	170147011	27/ 10/ 17	a
15	36148113W	170137797	06/ 10/ 17	f
16	34261848J	170149704	31/ 10/ 17	f
17	36100304X	170153048	06/ 11/ 17	f
18	35988742K	170149709	31/ 10/ 17	f
19	53189435A	170138272	09/ 10/ 17	f
20	36129678J	170158271	14/ 11/ 17	f
21	36151041D	170150551	02/ 11/ 17	f
22	36131330D	170153428	07/ 11/ 17	f
23	47354163S	170156329	10/11/17	f
24	36120300L	170165199	27/ 11/ 17	f

- (a) Que a unidade familiar de convivencia resida e estea empadroadada no Concello de Vigo.  
(e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.  
(f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM.

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º X1367890B (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36134320D (nº 7). O gasto derivado deste acordo é de 504€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*” dos orzamentos de 2017 e 2018.

	<b>DNI</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>DATA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>LIBROS: IMPORTE</b>	<b>COMEDOR: IMPORTE</b>
1	X1367890B	170145463	25/10/17	1	85,00 €	
2	72986002X	170144372	23/10/17	1	85,00 €	
3	36137660Z	170138715	10/10/17	1	85,00 €	



## Concello de Vigo

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
4	Y2317524N	170138329	09/10/17	2		41,00 €
5	116255191	170153318	07/11/17	2		41,00 €
6	76913129W	170157371	13/11/17	1		41,00 €
7	36134320D	170164841	24/11/17	1	85,00 €	41,00 €
				<b>TOTAIS</b>	<b>340,00 €</b>	<b>164,00 €</b>

Códigos:

- (1) Corrección de erro material.
- (2) Traslado a centro educativo con axudas municipais de comedor.

TERCEIRO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(197).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS INCLUÍDOS NO «PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR» DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 150888/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 20.02.2018 a Concelleira delegada de Política Social acordou iniciar o expediente para a contratación do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo, encomendándolle a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación emitido polo Xefe de Área de Benestar Social o 20.02.2018.
- Memoria Xustificativa asinada o 20.02.2018 pola Xefa de Servizo de Benestar Social e o Xefe de Área, conformada pola Concelleira delegada de Política Social
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 20.02.2018 pola Xefa de Servizo de Benestar Social e o Xefe de Área.
- Anexo de persoal (Art. 120 TRLCSP / Art. 130 LCSP).
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 21.02.2018.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (versión definitiva) asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 26.02.2018.
- Informe favorable ó PCAP da Asesoría Xurídica municipal do 26.02.2018.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- [LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público (en vigor a partir do 09.03.2018, agás Art. 159.4.a), Art. 32.2.d), Arts. 328-334 e Art. 150.1. pfo. 3º)]. Disp. Transitoria primeira)].
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



## Concello de Vigo

- LO.1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do CC e da LEC, que recolle o principio reitor do mantemento do menor no seu ámbito familiar a non ser que non sexa conveniente para o seu interese, así como a súa integración familiar e social. Regula tamén a actuación dos poderes públicos en situacións de risco, dirixida a promover os factores de protección do menor e da súa familia e a diminuír os factores de risco e dificultade social que incidan na situación persoal e social na que se atopan.
- L.26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.
- D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (modificado por D. 148/2014, do 6 de novembro).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1. De acordo co disposto no D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as funcións que lle están asignadas por medio, entre outros, dun “*Servizo de educación e apoio familiar*”, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia (Art. 9.1.c)].

III.2. Xustifícase este contrato na necesidade de garantir a continuidade do *Servizo de Intervención Familiar* do Concello de Vigo, que ten como finalidade a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a participación activa naquelas familias que se atopen nunha situación de vulnerabilidade. Atende tamén as problemáticas apareladas a situacións de risco e conflito social e aborda as situacións problemáticas mediante unha intervención preventiva que impida o posible agravamento do problema detectado.

III.3. Os obxectivos deste «Programa socio-educativo e de apoio familiar» son:

- Promover a calidade de vida e o benestar social das familias e dos membros que as integran.
- Ofrecer apoio socio-educativo integral ás familias, como marco de referencia onde se desenvolven as persoas.
- Promover a adquisición de competencias e capacidades das familias para un axeitado desenvolvemento das súas funcións educativas, de crianza e socialización.
- Favorecer a integración, a participación e a promoción social das familias nos ámbitos social, cultural e educativo.
- Previr, detectar e atender situacións familiares de vulnerabilidade, como infancia e adolescencia en risco social, dinámicas de violencia intrafamiliar e familias en situación de exclusión social.

–Previr factores de risco que poidan afectar ós/ás menores e mozos/as e que poidan desencadear condutas de inadaptación ou situacións de desprotección ou abandono.

–Apoiar á poboación infantil e xuvenil con carencias básicas familiares, educativas e afectivas mediante unha acción socio-educativa en cooperación e coordinación con outras Administracións para mellorar as situacións de risco.

III.4. O «Programa socio-educativo e de apoio familiar» desenvolverá a súa actividade en tres ámbitos diferenciados:

- 1) Intervención con menores en situación de risco.
- 2) Intervención e atención socio-familiar en familias que presenten problemáticas non resolubles por elas mesmas e que acepten voluntariamente a intervención.
- 3) Realización de informes sociais e técnicos solicitados polo/a técnico/a municipal responsable do Servizo, tanto por interese do propio Concello como doutras Administracións públicas, tendo en conta a normativa en materia de menores e de acordo cos principios de colaboración e cooperación.

III.5. De acordo co disposto no Art 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación dos servizos corporativos municipais. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 12.01.2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.6. Constan nel, tal como esixe o Art. 109 do TRLCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado pola Área de Benestar Social e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefatura de Contratación. A versión definitiva do PCAP, anexado o 26.02.2018 ó expediente de referencia co trámite nº 76 foi informada favorablemente pola Asesoría xurídica municipal na mesma data.

III.7. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto con tramitación ordinaria (Cláusula 9ª e Apdo. 1.G) das FEC). Pola súa contía, trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada e susceptible de recurso especial en materia de contratación (Arts. 16 e 40 TRLCSP).

III.8. En cumprimento do disposto nos artigos 115, Disposición adicional segunda, Apdos. 7º e 8º do TRLCSP e Disposición adicional oitava da LRBRL, emitiuse -como xa se dixo- pola Asesoría xurídica do Concello de Vigo o 26.02.2018 informe favorable ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

III.9. O Art. 109.3 do TRLCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.10. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, pfo. 3º, do TRLCSP. A resolución, segundo o Art. 110.1 do





## Concello de Vigo

TRLCSF, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo (Benestar Social), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas do 20.02.2018 (con Anexo I do 21.02.2018: trámite nº 48), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (26.02.2018) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (2.839.858,23 €, IVE incluído), que se imputará á aplicación nº 2310.226.09.07: “Programa menores – convenio infancia” dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- 2018: 118.327,42 €.
- 2019: 709.964,57€.
- 2020: 709.964,57€.
- 2021: 709.964,57€.
- 2022: 591.637,10€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(198).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 5363/106.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Comercio, o concelleiro delegado de Comercio e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 23 de febreiro de 2018 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto do servizo de tarefas de auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 23 de febreiro de 2018 asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais.
- Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 23 de febreiro de 2018 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 23 de febreiro de 2018 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 23 de febreiro de 2018.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais con data 23 de febreiro de 2018.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación polo procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 26 de febreiro de 2018.
- Informes favorables ao expediente de contratación asinado pola letrada-titular da Asesoría Xurídica de datas 26 e 27 de febreiro de 2018.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos



## Concello de Vigo

concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de data 23 de febreiro de 2018 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe de Comercio e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitíuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo o día 26 de febreiro de 2018 informe favorable ao expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 23 de febreiro de 2018, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 26 de febreiro de 2018.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 35.000 euros (o importe sen IVE é de 28.925,62 euros €; o IVE do 21% é de 6.074,38 euros); dos cales 20.416,67 euros corresponden á anualidade 2018 con cargo á partida orzamentaria 4213 2279900 (CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS), e 14.583,33 á anualidade 2019.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto no TRLCSP..

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(199).- REQUIRIMENTO A PUENTES Y CALZADAS S.A. PARA CONTINUIDADE DO SERVIZO NOS APARCADOIROS SOTERRADOS DE CASTELAO E JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 636/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo de Transportes, o concelleiro-delegado de Contratación e a concelleira-delegada de Transportes, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 21 de maio de 2007, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL), adxudicouse a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (en adiante PUENTES), a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

O adxudicatario manifestou na súa oferta a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria (Memoria incluída no sobre 2, apartado 3, do Plan Económico Financeiro, subapartado 3.2). Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. (no sucesivo COCHERAS), e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta a solicitude do concesionario mencionada no parágrafo anterior, adoptou o seguinte acordo:

“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso”

**Segundo.-** En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

**Terceiro.-** En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes.

**Cuarto.-** En data 10 de agosto de 2017, a XGL acordou denegar a solicitude de resolución do contrato mencionada no antecedente anterior.

**Quinto.-** En data 28 de setembro de 2017, a administradora concursal interpón recurso contencioso-administrativo contra a resolución a XGL de 10 de agosto de 2017 denegando a resolución do contrato, actualmente en tramitación no Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

**Sexto.-** En data 5 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que, no prazo dos quince días seguintes á recepción do presente escrito, manifieste se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental que xestiona o contrato, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuará xestionando directamente a citada concesión ou ben constituirá unha nova sociedade instrumental”.

**Sétimo.-** En data 7 de novembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., manifesta que a citada mercantil non é a titular da concesión, senón que “La concesionaria – que no sociedade instrumental – es COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U.”.

**Oitavo.-** En data 5 de decembro de 2017, D. Carlos M. Paz Costas, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., achega, como complemento do escrito citado no antecedente anterior, un ditame do Catedrático de Dereito Administrativo da Universidad Autónoma de Madrid, D. Francisco-Javier Jiménez de Cisneros Cid.

**Noveno.-** En data 19 de febreiro de 2018, recibíuse auto do Xulgado do Mercantil nº 1 de A Coruña, de 16 de febreiro do mesmo ano, acordando o cese da actividade empresarial de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:



## Concello de Vigo

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

### -II-

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersonal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersonal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lei permite que o adxudicatario dunha concesión de servizo público ou de obra pública poida constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP, é resulta aplicable as concesións de servizo público a teor do artigo 156.a. do mesmo corpo legal. En consecuencia, tal e como se recolle no antecedente primeiro deste escrito, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental.

A sociedade instrumental creada pola concesionaria, Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., para a xestión da concesión, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., foi declarada en concurso voluntario en auto de data 20 de abril de 2017, do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña.

Liquidada a sociedade instrumental, o Xulgado, en auto de 16 de febreiro de 2018, declara o cese da súa actividade empresarial e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular. En consecuencia, liquidada a sociedade instrumental, o concesionario, PUENTES, deberá xestionar a concesión.

En data 7 de outubro de 2017, requiríuselle para que manifestase se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuaría xestionando directamente a citada concesión, ou ben constituír unha nova

sociedade instrumental, concedéndolle ao efecto un prazo de quince días. O concesionario non respostou a este escrito en prazo. Se ben, presentou no Rexistro Xeral sendos escritos en datas 7 de novembro e 5 de decembro. No primeiro manifestou que o concesionario era a extinta sociedade instrumental e no segundo limitouse a aportar un ditame dun catedrático de dereito administrativo sobre a improcedencia de considerar ao Grupo Puentes concesionario deste contrato.

Compre por de manifesto que o cese na xestión da explotación da concesión pode considerarse como unha infracción moi grave das obrigas esenciais do concesionario, polo que procede apercibir ao contratista que de darse esta circunstancia podería incurrir en causa de resolución, ou de caducidade da concesión, por causa imputable ao mesmo.

-III-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da presente resolución, continúe coa xestión da citada concesión, apercibiéndole de que en caso contrario, esta Administración procederá a resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais ou a declarar a caducidade da mesma, segundo proceda”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(200).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQs) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 1538/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado polo director técnico do Servizo municipal de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes-Director deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

### I.- ANTECEDENTES.

Con data 22 de setembro de 2017, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a contratación do CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

No expediente inclúense os seguintes documentos

1. Informe de necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Técnico do servizo de deportes o 22 de setembro de 2017.
2. Resolución do concelleiro delegado de deportes do 22 de setembro de 2017 para o inicio do procedemento de contratación.
3. Informe de estudo de necesidades – criterios técnicos- emitido pola Enxeñeira de Minas – Intensificación Enerxía // CO 1664 NO Dna . Ana Belén Albo López NIF: 36074073E de data de 20 de outubro de 2017
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director Técnico de deportes do 19 de decembro de 2017 e o seu anexo I.
5. Memoria xustificativa do prezo do contrato, modificacións, criterios de adxudicación e outras consideracións asinada polo Director Técnico de deportes o Director Deportivo- Xefe da unidade técnica e o Concelleiro Delegado de deportes o de 22 de febreiro de 2018.
6. Informe asinado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación xefa do Servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 7 de febreiro de 2018.
7. Informe habilitación profesional emitido pola Enxeñeira de Minas – Intensificación Enerxía // CO 1664 NO Dna . Ana Belén Albo López NIF: 36074073E de data de 26 de febreiro de 2017.
8. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 27 de febreiro de 2018 pola Técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación.
9. Informe favorable da Letrada de Asesoramento e da titular de Asesoría Xurídica de data 27 de febreiro de 2018.
- 10.

### II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.

#### 1º.- Obxecto e natureza do contrato:

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRASPÉ), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse

mediante o contrato. O obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes , ” recollidos no PPT e *que* se relacionan.

- Complexo deportivo de Navia. R/lamelas s/n.
- Complexo deportivo de Berbés. R/ Gaiteiro Ricardo Portela nº1
- Ximnasio do Carme. R/Carme s/n.
- Pavillón de Candeán. Trav. Devesa s/n.
- Pavillón do Carme. R/Carme s/n.
- Complexo deportivo da ETEA. Avda. Marina Española s/n.

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), “Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato mixto de subministro e servizos previsto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

Con relación co obxecto do contrato indicar que a inclusión de todas as instalacións nun único contrato de subministro e servizo, mellora a unidade de xestión dos mesmos e garante maior eficiencia na xestión. A división por lotes do mesmo non aportaría aspectos positivos a xestión e dificultaría a operativa do mesmo. A unión nun único contrato garante a racionalidade e a maior funcionalidade, favorecendo os procesos de control, seguimento e avaliación e correccións no mesmo.

## **2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto e anticipado de gasto, para a prestación do subministro.

## **3.- Orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establécese en base os seguintes aspectos:

### **3.1.- Análise dos custos reais do actual contrato:**

Co fin de establecer un prezo obxectivo para a licitación do contrato, en cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que serve como base para a execución do contrato, ben



## Concello de Vigo

definido polos datos do informe técnico elaborado pola enxeñeira de minas Dna. Ana Belén Albo López, expd.1525-611, no cal se recollen os criterios técnicos para o contrato de subministro da enerxía térmica útil e o mantemento con garantía total.

1. Pavillón Polideportivo de Candeán (r/ Devesa s/n)
2. Polideportivo de Navia (r/ Lamelas s/n)
3. Pavillón do Berbés (r/ Gaiteiro Ricardo Portela nº 1)
4. Ximnasio do Carme (r/ Carmen s/n. Travesas)
5. Pavillón do Carme (r/ Carmen s/n. Travesas)
6. Pavillón da ETEA (Av. La Marina Española, s/n)

Destas seis instalacións, as catro primeiras xa estiveron no contrato anterior de enerxía térmica útil (expediente 3771/11). Respecto ás outras dúas:

- O Pavillón do Carme reformouse recentemente ao transformar a instalación de gasóleo a gas natural, e estímase un consumo de gas natural inicial de 45 MW·h, segundo os datos facilitados;
- O Pavillón da ETEA está actualmente en proceso de licitación para a renovación integral da instalación térmica e subministro de gas natural, ao substituír a actual caldeira eléctrica por caldeiras a gas natural. Agárdase que estea operativa para o ano 2018, e estímase un consumo gas natural inicial de 105 MW·h, segundo os datos facilitados.

A enerxía térmica útil de cada unha das catro primeiras instalacións, nos últimos anos, amósase na seguinte táboa:

táboa 1: Enerxía térmica útil facturada (MW·h)

Ano	Pavillón Polideportivo de Candeán	Polideportivo de Navia	Pavillón do Berbés	Ximnasio Municipal do Carme	Total
2011	-	135,29	150,22	100,06	<b>385,57</b>
2012	-	169,52	116,94	114,28	<b>400,74</b>
2013	16,75	149,91	88,11	110,88	<b>365,65</b>
2014	23,78	172,06	87	95,32	<b>378,16</b>
2015	17,46	164,89	82,61	91,47	<b>356,43</b>
2016	14,56	86,92	53,99	54,11	<b>209,58</b>
2017	14,79	51,89	22,37	63,38	<b>152,43</b>

táboa 2: Rendementos estacionais das instalacións,  $r_e$  (%)

Centro	2014	2015	2016	2017
Pavillón Polideportivo de Candeán	59,41%	62,29%	66,17%	70,97
Polideportivo de Navia	81,83%	84,72%	90,32%	85,37
Pavillón do Berbés	66,51%	67,28%	62,51%	34,80
Ximnasio Municipal do Carne	82,12%	76,42%	65,34%	79,75

Os efectos do cálculo do prezo unitario da enerxía térmica útil, débese considerar o rendimento estacional dun ano completo. Consideraranse a efectos de cálculo os últimos 12 meses (xullo de 2016 a xullo de 2017).

táboa 3: Rendementos estacionais das instalacións,  $r_e$  (%) – (07/2016 a 07/2017)

Centro	$E_u$ (MW·h)	GN ( $m^3$ )	GN (MW·h)	$r_e$ (%)
Pavillón Polideportivo de Candeán	23,87	3 237,00	38,27	69,23%
Polideportivo de Navia	93,20	10 396,00	122,80	84,25%
Pavillón do Berbés	53,85	10 959,00	129,06	46,31%
Ximnasio Municipal do Carne	93,88	12 196,00	143,63	72,56%

O rendimento estacional dunha instalación non poderá ser inferior ao 60 %. O titular a través do mantedor deberá adoptar as medidas necesarias para corrixir este valor.

En consecuencia, a efectos de cálculos, para o caso do Pavillón do Berbés tomarase coma porcentaxe mínima o 60%.

O Adxudicatario deberá tamén garantir as operacións necesarias de mantemento durante a execución do contrato, co fin de que como máximo o rendimento estacional inicial das instalacións se reduza nun 1% anual.

No **Pavillón do Carne e do Pavillón da ETEA**, non se dispoñen das medidas dos equipos de contabilización de consumos.

En consecuencia, de acordo coa Directiva Europea de Ecodiseño ErP en vigor dende o 26 de setembro de 2015, **estimarase** para estas instalacións o **rendemento medio estacional mínimo** esixido para as caldeiras de calefacción e mixtas correspondente ao **86%** para o 100 % de carga. Xa que ao ser instalacións novas, deberían cumprir como mínimo este rendimento.

Este rendimento estacional teórico para estas dúas instalacións, irá axustándose segundo se obteñan valores anuais de contabilización de consumos.

### Enerxía térmica útil

A enerxía térmica útil é a enerxía realmente aproveitada unha vez deducidas as perdas da instalación; polo que resultaría máis vantaxoso mercar esta en vez da enerxía final.

$$E_u = E_s \cdot r_e$$



## Concello de Vigo

A empresa adxudicataria, como empresa de servizos enerxéticos, co fin de garantir o éxito do proxecto e os beneficios agardados asumiría:

- A negociación da compra da enerxía a subministrar (gas natural) por un volume maior e podendo obter condicións de subministro máis favorables
- A operación e o mantemento, aportando ao contrato un equipo técnico cualificado; e aplicando criterios de redución de custos enerxéticos, baseados por tanto nas tecnoloxías máis modernas e eficientes. No caso das dúas instalacións novas, o mantemento estaría incluído na garantía ofertada pola empresa instaladora encargada da reforma, non sendo a cargo da empresa Adxudicatoria.
- A elaboración e execución dun Plan de Medida e Verificación; xa que a enerxía útil entregada e a mellora da eficiencia enerxética serán verificables, a través de medidas, de forma prioritaria, ou estimacións de non poder ser.

A Concellería de Deportes conseguiría:

- Pagar só á empresa adxudicataria pola enerxía térmica útil realmente entregada ao edificio; sen preocuparse das posibles perdas orixinadas durante o funcionamento das instalacións e do mantemento das mesmas.
- Minimizar ou incluso chegar a eliminar os seus investimentos nas instalacións.
- Trasladar ao adxudicatario os riscos técnicos e económicos.
- Finalizado o contrato, as instalacións reverterían, e por tanto beneficiaríase a partir de entón do seu correcto funcionamento, bo estado de conservación e da totalidade das posibles melloras realizadas, sen haber necesitado afrontar o investimento.
- Minimizar o impacto ambiental das instalacións, ao reducir as emisións derivadas do consumo de enerxía.

En definitiva, a Concellería de Deportes só se debería ocupar realmente do obxecto da súa actividade, que é a xestión e o correcto funcionamento das instalacións deportivas.

### PREZO UNITARIO DA ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL

#### Prezo unitario da enerxía térmica útil das instalacións

En xeral, o custo unitario de enerxía térmica útil determínase en función da seguinte expresión:

$$P_{Eu} = \frac{PVP_{GN}}{FC \cdot r_e}$$

Sendo:

- $P_{Eu}$ : Prezo enerxía térmica útil (€/kW·h).
- $PVP_{GN}$ : Prezo do gas natural (€/kW·h<sub>PCS</sub>), dependendo do termo variable da tarifa aplicada para cada instalación.
- $FC$ : Factor de conversión entre o PCI e o PCS do gas natural.

$$FC = \frac{PCI}{PCS} = \frac{1}{1,11}$$

- $r_e$ : Rendemento estacional anual da instalación.

Para cada unha das instalacións existirá un rendemento estacional, indicado na taboa 3, e un prezo de gas natural en función do seu consumo.

Neste caso, propónse que o  $PVP_{GN}$  se calcule en función do:

- termo variable da tarifa de gas natural  $T_v$  (€/kW·h), sobre o que cada ofertante deberá propor unha porcentaxe de redución segundo o tipo de tarifa que lle corresponda a cada instalación; obtendo a maior puntuación aquel que oferte a maior porcentaxe de redución;
- imposto de hidrocarburos (IH), que se debe aplicar sobre o gas natural en cumprimento Lei 38/1992, do 28 de decembro, da Xefatura do Estado de Impostos Especiais (texto consolidado última modificación 28 de xuño de 2017); correspondente a 0,65 €/GJ (0,00234 €/kW·h) cando o seu uso é distinto aos de carburante ou profesional.

$$PVP_{GN} = (1 - \%Descuento) \cdot T_v + IH$$

Por tanto, o prezo da enerxía térmica útil, calcularase mediante a seguinte fórmula, tendo en conta a porcentaxe de desconto sobre o termo variable que oferte cada licitador:

$$P_{Eu} = \frac{(1 - \%Descuento) \cdot T_v + IH}{FC \cdot r_e}$$

De acordo co sistema de tarifas, débese ter en conta tanto o termo variable da tarifa a pagar á comercializadora de gas natural, como o termo variable da tarifa de acceso que a comercializadora debe de pagar á subministradora de gas. En consecuencia, a porcentaxe de desconto deberá fixarse como máximo entre estes dous termos; xa que realmente é a marxe de ganancia da comercializadora.

Tomase como termo variable da tarifa de acceso  $T_{v,ac}$  (€/kW·h), os que figuran na Orde IET/2445/2014, do 19 de decembro segundo se establece na Orde ETU/1977/2016, do 23 de decembro pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e a retribución das actividades reguladas para o 2017.

Este termo variable se actualiza con carácter trimestral, o día 1 dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano, de acordo coa Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural. Estas modificacións serán tidas en conta á hora de realizar as ofertas e posterior facturación da enerxía térmica útil.

De acordo co consumo de gas natural, a cada instalación corresponderalle a seguinte tarifa:



## Concello de Vigo

táboa 4. Termos variables das tarifas de acceso de gas natural a partir do 1 de xaneiro de 2017

Instalación	GN (kW·h/ano)	Tarifa de acceso	Límite consumo (kW·h/ano)	Termo variable $T_{v,ac}$ (€/kW·h)	Termo fixo (€/mes)
Pavillón Polideportivo de Candeán	38.271	3.2	5.000 > Consumo ≤ 50.000	0,02241300	5,79
Pavillón do Carne	45.000				
Pavillón da ETEA	105.000				
Polideportivo de Navia	122.798	3.4	Consumo > 100.000	0,01301200	80,97
Pavillón do Berbés	129.064				
Ximnasio do Carne	143.632				

En relación co termo variable  $T_v$  (€/kW·h), a súa referencia tamén será diferente en función da tarifa de gas natural á que pertence cada unha das instalacións.

- Para a Tarifa 3.2, a referencia será o termo variable da tarifa de último recurso TUR.2,  $T_{v,TUR2}$  do mercado regulado, publicado trimestralmente, de acordo coa Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño.

Na actualidade a TUR.2 vixente correspóndese coa especificada na Resolución do 25 de setembro de 2017, pola que se publica a tarifa de último recurso de gas natural.

táboa 5. Termo variable da TUR.2 de gas natural a 1 de xaneiro de 2017

Tarifa	Límite consumo (kW·h/ano)	Termo variable $T_{v,TUR2}$ (€/kW·h)	Termo fixo (€/mes)
TUR.2	5.000 – 50.000	0,04328004	8,45

- Para a Tarifa 3.4, tómase un valor medio do termo variable ofertado por distintas comercializadoras,  $T_{v,comparador}$ , ao non poder acollerse xa ao mercado regulado e ter só a opción do mercado libre.

A elección das comercializadoras para o caso da Tarifa 3.4, faise a través do Comparador de Ofertas de Enerxía elaborado pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), (<http://comparadorofertasenergia.cnmc.es/comparador/index.cfm?js=1&e=N>).

Este comparador permite consultar as **ofertas de gas natural** dispoñibles para consumidores do grupo 3 (ata 4 bares de presión), en función do código postal onde se realizará o subministro, o consumo de gas natural anual estimado e a posible contratación de servizos adicionais (non considerada para o cálculo).

Pode suceder que non todas as ofertas abarquen o mesmo rango de consumos, ou existan consumos para os que non exista oferta. En consecuencia, elixíranse como referencia de cálculo as ofertas que abarquen o maior rango de consumo. Ademais, só se considerarán as que sexan válidas para calquera usuario.

As ofertas válidas para calquera consumidor existentes a data 1 de outubro de 2017 serían cinco, correspondentes ás comercializadoras Viesgo, Fenieenergía, Catgas, edp, Iberdrola. (detalle en Anexo nº1. Ofertas de gas natural para tarifa 3.4).

Polo tanto, para o cálculo do  $T_{v\_comparador}$  da Tarifa 3.4 a data 1 de outubro de 2017, recóllese na Error: Reference source not found.

táboa 6. Ofertas gas natural tarifa 3.4

Comercializadora	$T_v$ sen desconto (€/kW·h)	Desconto $T_v$ (%)	$T_{v\_comparador}$ (€/kW·h)
VIESGO	0,04102600	5	0,03897470
fenie energía	0,03941600	0	0,03941600
IBERDROLA	0,03965900	0	0,03965900
Catgas	0,03836610	0	0,03836610
edp	0,04442720	6	0,04176157
<b>Promedio</b>			<b>0,039635474</b>

A continuación, amósanse un resumo dos parámetros a considerar no cálculo do prezo de gas natural para cada unha das instalacións en función do tipo de tarifa de gas natural:

táboa 7. Termos variables tarifas gas natural e imposto de hidrocarburos

Centro	Tarifa	$T_{v\_ac}$ (€/kW·h)	$T_{v\_comparador} / T_{v\_TUR2}$ (€/kW·h)	IH (€/kW·h)
Pavillón Candeán	TUR.2	0,02241300	0,043280040	0,00234000
Pavillón do Carme	TUR.2			
Pavillón da ETEA	Promedio 3.4	0,01301200	0,039635474	
Polideportivo de Navia	Promedio 3.4			
Pavillón do Barbés	Promedio 3.4			





## Concello de Vigo

Centro	Tarifa	$T_{v\_ac}$ (€/kW·h)	$T_{v\_comparador} / T_{v\_TUR2}$ (€/kW·h)	IH (€/kW·h)
Ximnasio do Carme	Promedio 3.4			

Débese destacar que o termo variable da tarifa de acceso  $T_{v\_ac}$ , está incluído no termo variable  $T_{v\_comparador}$  e  $T_{v\_TUR2}$ . Este termo variable da tarifa de acceso é o que a comercializadora debe pagar á subministradora de gas. A porcentaxe de desconto ofertada polo licitador, deberá fixarse entre estes dous termos; xa que realmente é a marxe de ganancia da comercializadora.

Sen embargo, para a reserva de crédito deste contrato deberá considerarse o prezo unitario da enerxía térmica útil máximo, determinado para cada unha das instalacións, que calcularase en función da tarifa á que pertenza e o seu rendemento estacional, a través da seguinte fórmula:

$$P_{Eu\_máx} = \frac{T_v + IH}{FC \cdot r_e}$$

Para esta estimación non se considera ningunha porcentaxe de desconto.

Na Error: Reference source not found amósanse os prezos da enerxía térmica útil máximos ( $P_{Eu\_máx}$ ) e a facturación estimada, cos prezos de referencia do período de outubro a decembro do ano 2017 e para a totalidade dun ano de facturación de xaneiro a decembro.

táboa 8. Prezo unitario máximo da enerxía térmica para cada instalación cos prezos de referencia do período de outubro – decembro 2017. Sen IVE

Centro	GN 2018 (kW·h/ano)	$E_u$ 2018 (kW·h/ano)	Tarifa	$T_v+IH$ (€/kW·h)	$r_e$ (%)	$P_{Eu\_máx}$ (€/kW·h)	Facturación (máxima sen IVE) $E_u$ (€)
Pavillón Candeán	40.184,60	25.063,50	3.2	0,0456200400	69,23%	0,073143	1.833,22
Pavillón do Carme	45.000,00	34.864,86	3.2	0,0456200400	86,00%	0,058882	2.052,90
Pavillón da ETEA	105.000,00	81.351,35	3.4	0,0419754736	86,00%	0,054178	4.407,42
Polideportivo de Navia	217.254,17	164.890,00	3.4	0,0419754736	84,25%	0,055306	9.119,35
Pavillón do Berbés	152.828,50	82.610,00	3.4	0,0419754736	60,00%	0,077655	6.415,05
Ximnasio do Carme	150.813,91	98.591,85	3.4	0,0419754736	72,56%	0,064209	6.330,49
<b>Total</b>	<b>711.081,18</b>	<b>487.371,57</b>					<b>30.158,43</b>

Este importe da enerxía térmica útil correspóndese cun custo variable do contrato.

O prezo da enerxía térmica útil de cada instalación ( $P_{Eu}$ ), recalcularase de forma trimestral coincidindo coa actualización das tarifas reguladas e peaxes de acceso.

### Prezo unitario da enerxía solar térmica

Este contrato tamén inclúe as dúas instalacións solares térmicas dos seguintes emprazamentos:

- Polideportivo de Navia
- Pavillón Polideportivo de Candeán

Co fin de garantir o seu correcto aproveitamento, será conveniente fixar uns requisitos mínimos a cumprir polo futuro adxudicatario destas instalacións e un prezo pola enerxía térmica que se produza de cumprirse eses mínimos.

Este prezo é considerado coma outro custo variable do contrato.

A continuación, se sinala a produción e cobertura solar de cada unha das instalacións térmicas estimadas segundo os datos de proxecto e o mínimo esixido pola HE4.

táboa 9. Producións e coberturas solares das instalacións

Centro	Nº paneis	Superficie captación (m <sup>2</sup> )	Consumo (l/día)	Consumo (m <sup>3</sup> /ano)	Produción estimada (kW·h/ano)	Cobertura solar (%)	Cobertura solar HE4 2013(%)
Polideportivo de Navia	12	73,2	4 800	1 752	49 688	54	30
Pavillón Polideportivo de Candeán	6	13,98	1 500	455	7 212	30	30

Con respecto ao prezo unitario da enerxía solar térmica ( $P_{ST}$ ) propónse establecer unha porcentaxe sobre o custo unitario da enerxía térmica útil  $P_{Eu}$ , por exemplo entre o 90 e o 50%. Esta porcentaxe pode ser a proposta do ofertante, recibindo puntuación segundo o valor ofertado. A puntuación maior será para o ofertante que presente a maior porcentaxe de desconto.

$$P_{ST} = (1 - \%Desconto) \cdot P_{Eu} \text{ (€/kW} \cdot \text{h)}$$

- Calorímetro no Polideportivo de Navia, xa existía un caudalímetro que contabilizaba a AQS.
- Caudalímetro AQS en Pavillón de Candeán ao existir xa un calorímetro da instalación solar térmica.

táboa 10. Produción de enerxía solar térmica e caudal de AQS rexistrados



## Concello de Vigo

Centro	Data de lectura	Lectura Caudal AQS (m <sup>3</sup> )	Caudal AQS (m <sup>3</sup> )	Lectura Producción ST (MW·h)	Producción ST (MW·h)	
Polideportivo de Navia	18/07/2016	6192,33	--	0,2	--	
	17/10/2016	6384	191,67	11,543	11,343	
	18/11/2016	6499	115,00	15,009	3,466	
	20/12/2016	6631	132,00	18,052	3,043	
	17/01/2017	6701	70,00	20,607	2,555	
	16/02/2017	6841	140,00	23,369	2,762	
	17/03/2017	6949	108,00	27,331	3,962	
	18/04/2017	7047	98,00	32,202	4,871	
	18/05/2017	7134	87,00	38,825	6,623	
	19/06/2017	7195	61,00	40,933	2,108	
	13/07/2017	7227	32,00	44,677	3,744	
				<b>1034,67</b>		<b>44,48</b>
	Pavillón Polideportivo de Candeán	27/04/2016	-		11,712	
		24/05/2016	-		12,119	0,407
22/06/2016		-		12,633	0,514	
20/07/2016		0,88		13,108	0,475	
20/10/2016		3	2,12	14,282	1,174	
21/11/2016		6	3,00	14,626	0,344	
21/12/2016		10	4,00	14,873	0,247	
19/01/2017		12	2,00	15,02 <sup>1</sup>	0,147	
17/02/2017		17	5,00	15,021	0,001	

Centro	Data de lectura	Lectura Caudal AQS (m <sup>3</sup> )	Caudal AQS (m <sup>3</sup> )	Lectura Producción ST (MW·h)	Producción ST (MW·h)
	17/03/2017				
	17/04/2017	25	8,00	15,022	0,001
	16/05/2017	27	2,00	15,022	0
	14/06/2017	29	2,00	15,022	0
	11/07/2017	30	1,00	15,022	0
			<b>29,12</b>		<b>3,31</b>

A continuación realízase unha estimación da enerxía térmica a facturar segundo a porcentaxe do custo unitario da enerxía térmica útil ofertado (prezo unitario enerxía solar térmica,  $P_{ST} = (1 - \%Desconto) \cdot P_{Eu}$ ), para unha sobreproducción de enerxía solar térmica do 10 e o 30 %.

táboa 11. Enerxía solar térmica a facturar segundo a porcentaxe do  $P_{Eu}$  para unha sobreproducción do 10%

Centro	$E_{ST\_axustada}$ (kW·h/ano)	$E_{ST+10\%}$ produción (kW·h/ano)	$P_{Eu}$ (€/kW·h)	90 % D (€)	80 % D (€)	70 % D (€)	60 % D (€)	50 % D (€)
Polideportivo de Navia	49 688	54 657	0,055306	27,48	54,96	82,44	109,92	137,40
Pavillón Polideportivo de Candeán	7 212	7 933	0,064209	4,63	9,26	13,89	18,52	23,15
				<b>32,11</b>	<b>64,22</b>	<b>96,33</b>	<b>128,44</b>	<b>160,56</b>

táboa 12. Enerxía solar térmica a facturar segundo a porcentaxe do  $P_{Eu}$  para unha sobreproducción do 30%.

Centro	$E_{ST\_axustada}$ (kW·h/ano)	$E_{ST+30\%}$ produción (kW·h/ano)	$P_{Eu}$ (€/kW·h)	90 % D (€)	80 % D (€)	70 % D (€)	60 % D (€)	50 % D (€)
Polideportivo de Navia	49 688	64 594	0,055306	82,44	164,88	247,32	329,76	412,20
Pavillón Polideportivo de Candeán	7 212	9 376	0,064209	13,89	27,78	41,68	55,57	69,46
				<b>96,33</b>	<b>192,67</b>	<b>289,00</b>	<b>385,33</b>	<b>481,67</b>

## CUSTOS DA PARTE FIXA DO CONTRATO

Este apartado inclúe os custos fixos por instalacións, aluguer e mantemento con garantía total.



## Concello de Vigo

### CUSTOS FIXOS POR INSTALACIÓNS

#### Custos termo fixo e aluguer contadores de gas natural

Tamén se debe contemplar o pago dos seguintes conceptos pertencentes a factura de gas natural que formarán parte dos custos fixos do contrato:

- termo fixo que suporía un total para as seis instalacións de 4 870,88€/ano (c/IVE),
- aluguer de contadores, que suporía para as seis instalacións uns 906,44 €/ano (c/IVE).

Para o cálculo destes custos fixos mantéñense os valores especificados na Orde IET/2445/2014, do 19 de decembro, pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e a retribución das actividades reguladas.

táboa 13. Termo fixo tarifa gas natural

Centros	Tarifa de acceso	Límite consumo (kW·h/ano)	Termo fixo (€/mes)	Termo fixo s/IVE (€/ano)	Termo fixo c/IVE (€/ano)
Pavillón Candeán	3.2	5.000 – 50.000	5,79	69,48	84,07
Pavillón do Carme			5,79	69,48	84,07
Pavillón da ETEA	3.4	> 100.000	80,97	971,64	1.175,68
Polideportivo de Navia			80,97	971,64	1.175,68
Pavillón do Berbés			80,97	971,64	1.175,68
Ximnasio do Carme			80,97	971,64	1.175,68
				<b>4.025,52</b>	<b>4.870,88</b>

táboa 14. Custo aluguer contadores

Centro	Nº	Marca	Modelo	Ano	Caudal m³/h	Aluguer (€/mes)	Aluguer s/IVE (€/ano)	Aluguer c/IVE (€/ano)
Pavillón Candeán	1	ELSTER-INSTROMET	BK-G16 M	2012	25 / 0,16	4,85	58,24	70,47
Pavillón do Carme	1	ELSTER	BK-G25 M	2017	40 / 0,25	9,41	112,95	136,66
Pavillón da ETEA	1	<i>Pendente instalación</i>	G-40	2018	65/	19,23	230,73	279,19
Polideportivo de Navia	1	ACTARIS	G40	2009	65 / 0,40	19,23	230,73	279,19
Pavillón do Berbés	1	KROM SCHRODER (Elster-Instromet)	BK-G16	2007	25 / 0,16	4,85	58,24	70,47
Ximnasio Municipal do Carmen	1	KROM SCHRODER (Elster-Instromet)	BK-G16	2006	25 / 0,16	4,85	58,24	70,47
							<b>749,12</b>	<b>906,44</b>

### **Custo fixo mantemento con garantía total**

Os procesos mínimos a incluír na prestación do servizo de mantemento con Garantía Total das instalacións serán:

- Condución e vixilancia das instalacións
- Mantemento Preventivo Sistemático e Normativo (Legal)
- Mantemento Preventivo Condicional (Predictivo)
- Mantemento Correctivo
- Asesoramento técnico
- Subministro e Xestión de produtos consumibles e repostos
- Xestión documental do servizo de mantemento

Cabe destacar que á hora de ofertar as empresas este tipo de mantemento o maior problema é estimar o custo do mantemento correctivo. Aínda que pode reducirse e preverse en certa forma cun bo mantemento preventivo e predictivo, moitas veces pode superar ás previsións iniciais debido a causas inesperadas e ao final da vida útil dos equipos.

Hai que ter en conta neste contrato, a existencia de instalacións con distintas antigüidades que influirán de forma importante no mantemento correctivo:

- dúas instalacións térmicas reformadas Pavillón do Carne e da ETEA, das que o mantemento estará incluído na garantía da instalación, polo que non terán custo para este contrato;
- dúas instalacións relativamente recentes coma o Pavillón de Candeán do ano 2011 e Polideportivo de Navia do ano 2007, e que dispoñen de instalacións solares térmicas (a do Pavillón de Candeán actualmente fóra de servizo ao ter que substituír un panel roto);
- dúas instalacións máis antigas transformadas a gas natural sobre o ano 2007, que se corresponden co Ximnasio do Carne e o Pavillón do Berbés (instalación solar térmica fóra de servizo).

Estimación do custo fixo de mantemento con garantía total, en base ao seguinte orzamento desagregado:

táboa 15. Estimación do custo fixo mantemento con garantía total

Centro	Garantía total s/correctivo (€)	Correctivo (€)	Posta a punto monitorización existente (€)	Total s/IVE (€)	Total c/IVE (€)
Pavillón Candeán	2.500,00	1.500,00	1.000,00	5.000,00	6.050,00
Pavillón do Carne	0	0	-	0	0
Pavillón da ETEA	0	0	-	0	0
Polideportivo de Navia	2.500,00	1.500,00	1.000,00	5.000,00	6.050,00



## Concello de Vigo

Centro	Garantía total s/correctivo (€)	Correctivo (€)	Posta a punto monitorización existente (€)	Total s/IVE (€)	Total c/IVE (€)
Pavillón do Berbés	2.000,00	6.000,00	1.000,00	9.000,00	10.890,00
Ximnasio Municipal do Carmen	2.000,00	4.000,00	1.000,00	7.000,00	8.470,00
<b>Total</b>	<b>9.000,00</b>	<b>13.000,00</b>	<b>4.000,00</b>	<b>26.000,00</b>	<b>31.460,00</b>

### CUSTOS FIXOS TOTAIS POR INSTALACIÓN

A partir dos custos do termo fixo da tarifa de gas natural, aluguer de contadores e mantemento con garantía total, calculados e estimados nos apartados anteriores; finalmente, se establece o custo fixo total do contrato para cada unha das instalacións deportivas.

táboa 16. Estimación do custo fixo total (sen IVE)

Centro	Termo fixo s/IVE (€/ano)	Aluguer contador GN s/IVE (€/ano)	Mantemento con garantía total s/IVE (€)	Total s/IVE (€/ano)
Pavillón Candeán	69,48	58,24	5.000,00	5.127,72
Pavillón do Carme	69,48	112,95	0	182,43
Pavillón da ETEA	971,64	230,73	0	1.202,37
Polideportivo de Navia	971,64	230,73	5.000,00	6.202,37
Pavillón do Berbés	971,64	58,24	9.000,00	10.029,88
Ximnasio Municipal do Carmen	971,64	58,24	7.000,00	8.029,88
<b>Total</b>	<b>4.025,52</b>	<b>749,12</b>	<b>26.000,00</b>	<b>30.774,64</b>

táboa 17. Estimación do custo fixo total (con IVE)

	Termo fixo c/IVE (€/ano)	Aluguer contador GN c/IVE (€/ano)	Mantemento con garantía total c/IVE (€/ano)	Total c/IVE (€/ano)
	84,07	70,47	6.050,00	6.204,54
	84,07	136,66	0	220,73

	Termo fixo c/IVE (€/ano)	Aluguer contador GN c/IVE (€/ano)	Mantemento con garantía total c/IVE (€/ano)	Total c/IVE (€/ano)
	1.175,68	279,19	0	1.454,87
	1.175,68	279,19	6.050,00	7.504,87
	1.175,68	70,47	10.890,00	12.136,15
	1.175,68	70,47	8.470,00	9.716,15
	<b>4.870,88</b>	<b>906,44</b>	<b>31.460,00</b>	<b>37.237,32</b>

O importe máximo do custo fixo total anual por instalación ascende a **37.237,32 € con IVE**.

#### Orzamento da parte variable do contrato

	Anualidad	Tres anos
Orzamento base de licitación 3 anos sen IVE	30.158,43 €	90.475,29 €
IVE 21%		18.999,81 €
Total orzamento con IVE		109.475,10 €

#### Orzamento dos custos fixo do contrato

	Anualidad	Tres anos
Orzamento base de licitación 3 anos sen IVE	30.774,64	92.323,92 €
IVE 21%		19.388,02 €
Total orzamento con IVE		111.711,94 €

#### Orzamento Total contrato con IVE

Orzamento total 3 anos de contrato parte fixa e variable	182.799,21€
IVE 21%	38.387,83 €
	<b>221.187,04 €</b>

#### Valor estimado do contrato

Valor estimado do contrato con modificacións ata o 13%.	<b>206.563,11 €</b>
---	---------------------

#### **4.- Financiamento do contrato:**

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, incluídos na aplicación orzamentaria 3420 221.02.00 " GAS". O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato. En calquera caso para a distribución orzamentaria calcúlase 6 meses para o ano 2018, anualidade completa 2019 e 2020 e 6 meses 2021.





## Concello de Vigo

Distribución orzamentaria anualidades con ive	Importes con IVE
2018 (6 meses)	36.864,51 €
2019 (12 meses)	73.729,01 €
2020 (12 meses)	73.729,01 €
2021 (6 meses)	36.864,51 €
total	221.187,04 €

### **5º.- Revisión de prezos.**

Atendendo a Orde IET/2445/2014, do 19 de decembro, os importes da parte fixa teñen unha actualización con carácter anual, polo cal deberán ser adecuados aos prezos vixentes.

Os prezos da parte variable revisaranse trimestralmente atendendo a Orde ITC /1660/2009, do 22 de xuño, polo que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso, o proceso de revisión realizarase con medios propios.

### **6º.- Xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril.**

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2018 dentro do programa orzamentario "3420" do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun subministro e servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

### **7.- Clasificación dos licitadores**

Non se esixe

### **8º.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

En canto á solvencia económica, financeira e técnica, debemos atender o disposto nos artigos 75 e 78 do TRLCSP, polo cal dita solvencia deberá ser esixida en relación os seguintes aspectos:

### Solvencia económica e financeira:

Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato, referidos a negocios que se atopen vinculados co ámbito ao que se refire o negocio, polo cal os mesmos deberán ter unha referencia directa cos subministros e servizos do contrato.

### Solvencia técnica e profesional:

Unha relación dos principais subministros e/ou servizos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

- Habilitación profesional:
- Os licitadores deberán cumprir o establecido no artigo 36 do RD 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), debendo ter presentado, con carácter previo ao inicio da actividade, ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia a correspondente declaración responsable na que o titular ou representante legal manifieste que cumpre os requisitos que se esixen no referido regulamento. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 37 (requisitos para o exercicio da actividade).
- Igualmente, deberán dispor da habilitación recollida no artigo 9 do RD 56/2016, de 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE, de 25 de outubro de 2012, relativo á eficiencia enerxética, auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia do subministro de enerxía e cumprir os requisitos para exercer a actividade profesional de provedores de servizos enerxéticos contemplados no artigo 7.

### 9º.- Criterios de valoración e xustificación:

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 150.3 f) do TRLCSP, busca



## Concello de Vigo

definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grado de coñecemento dos licitadores en relación a execución dos servizos vinculados o obxecto do contrato, así como os procesos de planificación, control e organización dos servizos obxecto deste contrato, polo que se propón unha aplicación dun 25 % dos puntos os criterios avaliáveis por xuízo de valor.

A finalidade do apartado de avaliación dos criterios por xuízo de valor, ten por obxectivo determinar un sistema de ponderación e a conseguinte puntuación que identifique a mellor oferta en relación a proposta de execución técnica.

Polo exposto, establecece a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

- a.- En relación aos criterios avaliáveis por xuízo de valor, propónse unha aplicación dun **30 % da puntuación total.**
- b.- En relación os criterios avaliáveis a través de fórmula, propónse unha aplicación dun **70 % da puntuación total.**

Esta distribución establécese tendo en conta a importancia que ten neste contrato o PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACION DE SERVICIOS, no cal os licitadores, deberán determinar "*o programa de traballo e o plan de mantemento*", co obxectivo de cumprir coas esixencias do contrato.

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son obxectivos, ponderados e en definitiva, buscan avaliar as propostas realizadas para unha mellor relación calidade/prezo de cada oferta de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, de entre as diferentes ofertas realizadas, a que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa economicamente, se procederá a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a que presenta a mellor relación calidade-prezo.

### **A.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:**

Os criterios avaliáveis mediante xuízo de valor terán unha puntuación máxima de 30 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

A finalidade concreta do apartado de avaliación dos criterios por xuízo de valor, ten por obxectivo determinar un sistema de ponderación e conseguinte puntuación que identifique a mellor oferta en relación a proposta de execución e planificación da execución dos servizos “o programa de traballo e o plan de mantemento” obxecto do contrato, polo cal as propostas de criterios por xuízo de valor terán en conta aspectos directamente relacionados co obxecto do contrato e mais concretamente a través de:

A.- PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACION DE SERVICIOS: o cal valorarase ata un máximo de 30 puntos, que serán valorados da forma seguinte:

a.- Unha Memoria na que se indique o programa de traballo do mantemento con garantía total para as instalacións de produción de enerxía térmica útil e os sistemas solares, de acordo co apartado 8 do PPT. A puntuación máxima para este apartado será ata un máximo de 30,00 puntos.

O licitador deberá incluír información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade dos contidos de cada apartado.

O obxecto da valoración deste PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACION DE SERVICIOS, debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do obxecto do contrato, presenta o licitador no marco da proposición técnica. O contido deste documento proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer a capacidade e coñecemento das actuacións a desenvolver en relación coas prestacións obrigatorias para o licitador. Neste sentido o proxecto que demostre un maior grado de organización e coñecemento das peculiaridades dos servizos a realizar, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada coincide coa realidade e necesidades para executar os servizos obxecto do contrato.

b.- Criterios para a presentación da memoria do PLAN DE ORGANIZACION E PRESTACION DE SERVICIOS. Para a presentación dixital da documentación deste proxecto se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- Deberá ser un único arquivo dixital , coas seguintes limitacións: Un máximo de 60 follas por unha cara. Na cuantificación dos documentos teranse en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas. O arquivo dixital non debe superar os 10 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo, deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente o **PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVICIOS**.



## Concello de Vigo

Cando a documentación do criterio anterior non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas descritas, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será sobre o 50% dos puntos asignados a cada un dos apartados.

### **c.- Procedemento para puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor:**

A puntuación será outorgada seguindo as seguintes regras:

- 1.- Outorgarase a maior puntuación a memoria mellor presentada e as demais de xeito proporcional con respecto a mellor.
- 2.- A puntuación será de 0 (cero) puntos cando na memoria do **PLAN DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS** conteña aspectos contraditorios internos en relación co oferta presentada e o contido do contrato.

### **B.- CRITERIOS AVALIADOS A TRAVÉS DE FÓRMULA:**

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, optase pola identificación de tres criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o custo do contrato a prestar.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán **unha puntuación máxima de 70 puntos** que serán distribuídos nos seguintes criterios, e que se valorarán segundo as fórmulas que estableza o PCAP.

### **PREZOS:**

**A.- A MAIOR PORCENTAXE DE REDUCCION (DESCONTO) A APLICAR SOBRE O PREZO UNITARIO DO TERMO VARIABLE, DA ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL, SEGUNDO O TIPO DE TARIFA QUE LLE CORRESPONDA A CADA INSTALACIÓN. PREZO UNITARIO SEN IVE.**

**A porcentaxe de desconto ofertado polos licitadores cun máximo de dous decimais valorarase ata un máximo de CINCUENTA (50) puntos, aplicándose esta puntuación en relación a maior porcentaxe de redución ofertada.**

Prezo unitario máximo para a facturación do consumo da enerxía térmica útil,  $P_{Eu}$  (€/kW·h). Dito prezo será definido para cada instalación en base a seguinte fórmula:

$$P_{Eu} = \frac{PVP_{GN}}{FC \cdot r_e}$$

Sendo:

- $P_{EU}$ : Prezo enerxía térmica útil (€/kW·h).
- $PVP_{GN}$ : Prezo do gas natural (€/kW·h<sub>PCS</sub>), dependendo do termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación  $T_v$  (€/kW·h) e do imposto de hidrocarburos (IH), que se debe aplicar sobre o gas natural en cumprimento Lei 38/1992, do 28 de decembro, da Xefatura do Estado de Impostos Especiais (texto consolidado última modificación 28 de xuño de 2017).

$$PVP_{GN} = (1 - \%Desconto) \cdot T_v + IH$$

$IH$ : Imposto de hidrocarburos.

$T_v$ : Termo variable

O cálculo do termo variable de gas natural e as súas actualizacións, realizaranse de acordo ao disposto no PPTP. Estas modificacións serán tidas en conta á hora de realizar as ofertas e posterior facturación da enerxía térmica útil.

- $FC$ : Factor de conversión entre o PCI e o PCS do gas natural.

$$FC = \frac{PCI}{PCS} = \frac{1}{1,11}$$

- $r_e$ : Rendemento estacional anual da instalación.

**B.- A MAIOR PORCENTAXE DE REDUCIÓN (DESCONTO) A APLICAR SOBRE O PREZO UNITARIO MÁXIMO PARA A FACTURACIÓN DA ENERXÍA SOLAR TÉRMICA ( $P_{ST}$ ). PREZO UNITARIO SEN IVE.**

**A porcentaxe de desconto ofertado polos licitadores cun máximo de dous decimais valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos.** Calcularase en función dunha porcentaxe de redución, entre o 50 e o 90%, do prezo unitario da enerxía térmica útil  $P_{EU}$ , obtendo a maior puntuación o licitador que presente a maior porcentaxe de descontó (o que máis se aproxime ó 90%), sempre que a produción da enerxía solar térmica sexa igual ou superior ó 105% da produción estimada segundo o PPT.

$$P_{ST} = (1 - \%Desconto) \cdot P_{EU} \text{ (€/kW} \cdot \text{h)}$$

**C.- O MENOR PREZO OFERTADO SOBRE O TOTAL DA PARTE FIXA DO CONTRATO RELATIVO OS CUSTOS DE MANTEMENTO CON GARANTÍA TOTAL, TERMO FIXO E ALUGUER (PREZO CON IVE INCLUÍDO).**

**A puntuación neste apartado é ata un máximo de DEZ (10) puntos, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.**



## Concello de Vigo

### Conceptos da parte fixa do contrato:

- Termo fixo( canon, peaxes ) que suporía un total para as seis instalacións de 4.870,88 €/ano.
- Aluguer de contadores, que suporía para as seis instalacións uns 906,44 €/ano.
- Mantemento con garantía total, que suporía para as seis instalacións uns 31.460,00 €/ano.

Para o cálculo dous custos fixos ( **termo fixo e aluguer contadores**) mantéñense os valores especificados na Orde IET/2445/2014, do 19 de decembro, pola que se establecen as peaxes e canons asociados ao acceso de terceiros ás instalacións gasistas e a retribución das actividades reguladas. Estes importes teñen unha actualización con carácter anual, polo cal deberán ser adecuados aos prezos vixentes en cada momento durante o período de vixencia do contrato.

- **CUSTO FIXO** por instalación para o **MANTEMENTO CON GARANTÍA TOTAL**, en base ao seguinte orzamento desagregado:

Centro	Garantía total s/correctivo (€)	Correctivo (€)	Posta a punto monitorización existente (€)	Total s/IVE (€)	Total c/IVE (€)
Pavillón Candeán	2.500,00	1.500,00	1.000,00	5.000,00	6.050,00
Pavillón do Carne	0	0	0	0	0
Pavillón da ETEA	0	0	0	0	0
Polideportivo de Navia	2.500,00	1.500,00	1.000,00	5.000,00	6.050,00
Pavillón do Berbés	2.000,00	6.000,00	1.000,00	9.000,00	10.890,00
Ximnasio Municipal do Carmen	2.000,00	4.000,00	1.000,00	7.000,00	8.470,00
<b>Total</b>	<b>9.000,00</b>	<b>13.000,00</b>	<b>4.000,00</b>	<b>26.000,00</b>	<b>31.460,00</b>

As instalacións térmicas reformadas correspondentes ao Pavillón do Carne e da ETEA non terán custo para este contrato, xa que o seu mantemento está incluído na garantía da instalación.

- **CUSTOS FIXOS TOTAIS** por instalación (IVE incluído)

Centro	Termino fixo (€/ano)	Aluguer contador GN (€/ano)	Mantemento con garantía total (€/ano)	Total (€/ano)
Pavillón Candeán	84,07	70,47	6.050,00	6.204,54
Pavillón do Carne	84,07	136,66	0	220,73

Centro	Termo fixo (€/ano)	Aluguer contador GN (€/ano)	Mantemento con garantía total (€/ano)	Total (€/ano)
Pavillón da ETEA	1.175,68	279,19	0	1.454,87
Polideportivo de Navia	1.175,68	279,19	6.050,00	7.504,87
Pavillón do Berbés	1.175,68	70,47	10.890,00	12.136,15
Ximnasio Municipal do Carmen	1.175,68	70,47	8.470,00	9.716,15
<b>Total</b>	<b>4.870,88</b>	<b>906,44</b>	<b>31.460,00</b>	<b>37.237,32</b>

### **10.- Garantía complementaria:**

Non se aplica.

### **11º.- Subcontratación.**

Autorízase nos termos e contías previstas no artigo 227 do TRLCSP. Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %. A autorización para a subcontratación estará referida unicamente os servizos vinculados con actuacións específicas que requiran procesos especializados e os servizos complementarios derivados da subministración de consumibles ou maquinaria obxecto deste contrato.

### **12.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.**

Non se considerarán ofertas anormais ou desproporcionadas.

### **13.-Prescripcóns técnicas particulares:**

O Prego de prescripcón técnicas, se anexa a este expediente e atópase redactado en base as peculiaridades técnicas da execución do contrato e o informe redactado pola Inxeneira de minas Dna. Ana Belén Albo López.

### **14.- Lotes.**

O contrato non se divide en lotes. A unión nun único contrato garante a racionalidade e a maior funcionalidade, favorecendo os procesos de control, seguimento, avaliación, análise e correccións no mesmo.

## **II.-ASPECTOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES:**

### **1.- Prazo de execución:**





## Concello de Vigo

Ao ser este un servizo recorrente no tempo e necesario. Estímase que o contrato terá unha vixencia de 3 anos a partir da firma do contrato. O prazo da entrada en vigor da prestación do servizo e a partir do día seguinte a firma do contrato.

### **2.- Prórrogas.**

Non procede

### **3.- Medios persoais e materiais:**

E responsabilidade da empresa adjudicataria poñer todos os medios persoais e materiais para o desenvolvemento do contrato garantindo en todo momento a funcionalidade e sustentabilidade do servizo.

### **4.- Modificación do contrato:**

Si procede.

Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do presente contrato, debe considerarse a opción de modificación do contrato, por incorporación de novas instalacións dependentes da Concellería de Deportes

#### **3.1.- Aspectos a modificar:**

O incremento de instalacións técnicas donde se deba prestar o servizo de mantemento con garantía total e os puntos de subministro

#### **3.2.- Circunstancias que determinan a modificación:**

A Incorporación de novas instalacións deportivas vinculadas o ámbito competencial do Concello de Vigo e non recollidas nas relacionadas no anexo I do PPT.

**3.3.- Límites da modificación:** O límite das modificacións quedará determinada sobre un incremento máximo do prezo do contrato dun 13 %.

### **5.- Responsable do Contrato:**

O responsable do contrato será o Director Técnico do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

### **6.- Seguro:**

O Adjudicatario, deberá subscribir pólizas de RC e Danos, que cubran os riscos e danos derivados que puidesen producirse na execución do contrato, e onde queden cubertos tanto o seu persoal como o da Administración contratante que interveña nos traballos obxecto do presente Prego. Todos os gastos correspondentes a estas pólizas serán de conta do

Adxudicatario, polo cal, será responsabilidade da empresa adxudicataria os danos de calquera clase, que por negligencia ou imprudencia durante os traballos ou como consecuencia dos mesmos, cáusense nas instalacións ou se produzan a terceiras persoas ou bens, situados nas dependencias das instalacións e contorna exterior, obxecto desta licitación,

Non se permitirá ningunha franquía nas pólizas de seguros, cuxas copias deberán ser remitidas ao responsable do contrato.

O importe da póliza de RC será o correspondente para unha cobertura mínima de 900.000,00 € por sinistro.

O importe da póliza de accidentes será o correspondente para unha cobertura mínima de 200.000,00 euros.

### **7.- Garantía.**

O Prazo de garantía da parte fixa do contrato alcanza a duración do contrato e as súas prórrogas, para todas aquelas tarefas e pezas referidas ós servizos de mantementos.

### **8.- Facturación:**

O adxudicatario facturará mensualmente polo subministro e servizos realmente realizados.

Coa factura achegarase un informe coa documentación mensual por instalación, en soporte informático e asinado, así como un arquivo en folla de cálculo cos datos acumulados, ao enderezo electrónico [facturas.deportes@vigo.org](mailto:facturas.deportes@vigo.org), cos consumos en kwh e importes, enerxía térmica útil para cada unha das instalacións, incluídas as solares térmicas, o consumo de gas natural e rendemento estacional, medidas de consumo de AQS e todo o relativo ao mantemento global e aos seus apartados recollido no PPT facendo fincapé nas tarefas e operacións de mantemento preventivo e correctivo realizadas cos importes en €, responsable da execución e todos os aspectos sobre a xestión documental.

No caso de non achegarse a documentación, as facturas serán rexeitadas, ata a súa aportación.

Antes da emisión da factura electrónica, deberán enviarse as facturas e a documentación con 10 días de antelación para o seu cotexo e validación.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

-UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES



## Concello de Vigo

–OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN

–ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

### **9.- Cambios de comercializadora e xestión dos trámites entre o adxudicatario, comercializadoras de gas e distribuidora de gas**

O adxudicatario deberá realizar todas a xestións de cambio de comercializadora, ante as distribuidoras, en caso de que esta se produza, e asumindo, dende a data de entrada en vigor do contrato todos os consumos de gas natural que se produzan nas instalacións. A administración non aboará en ningún caso consumo de gas como consecuencia de cambio de comercializadora, dende a data de entrada en vigor do contrato. O adxudicatario garantirá en todo momento os subministros de gas as instalacións, para a obtención da enerxía térmica útil.

### **10. Modelo de proposición.**

1.- Que acepta íntegramente os PPT e PCAP que rexen a presente contratación.

2.-Propón o valor porcentual de\_\_\_\_\_ (cun máximo de dous decimais) como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación  $T_v$ , ( €/Kw h) de acordo ó cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido no presente PCAP.

3.- Prezo máximo sen iva\_\_\_\_\_ sendo o iva\_\_\_\_\_ e prezo con iva\_\_\_\_\_ para os custos fixos totais do contrato, debéndose desglosar o mesmo por instalación.

Instalación	Prezo sen IVE	Prezo con IVE
Pavillón Candeán		
Pavillón do Carne		
Pavillón da ETEA		
Polideportivo de Navia		
Pavillón do Berbés		
Ximnasio Municipal do Carmen		
Importe total		

4.- Que propón o valor porcentual de \_\_\_\_\_ cun máximo de dous decimais, como porcentaxe de descontó para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas de acordo coas condicións determinadas no PPT.

### III.- PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e o seu anexo I, coa regulación dos aspectos técnicos asinado o 19 de decembro de 2017 polo Director Técnico do servizo de deportes para a CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

**Terceiro:** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 27 de febreiro de 2018 pola Técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación para a CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

**Cuarto:** Autorizar o gasto polo **importe máximo de 221.187,04 € con IVE**, sendo o importe correspondente o iva (21%) de 38.387,83 €, **importe base licitación sen iva 182.799,21 €**, e sendo o valor estimado do contrato de 206.563,11 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.2210200 GAS, coa correspondente distribución das anualidades: **ano 2018 – 36.864,51 euros, ano 2019 – 73.729,01 euros, ano 2020 – 73.729,01 euros, ano 2021 – 36.864,51 euros.**

**Quinto:** Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **12(201).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DA FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II”. EXPTE. 14943/77**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 22/02/18 e o informe de fiscalización de data 27/20/18, dáse conta do informe-proposta do 26/20/18, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 15 de febreiro de 2018, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, acordou iniciar o expediente de contratación da **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II”**

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de desenvolvemento local e emprego do 15 de febreiro de 2018.
2. Orde de inicio de 15 de febreiro de 2018 do Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 15 de febreiro de 2018, asinado polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 15 de febreiro de 2018, asinado o polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, co Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

5. Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de Admon.Xeral do servizo de Contratación, de data 21 de febreiro de 2018.
6. Prego de cláusulas administrativas de data 21 de febreiro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral e a conformidade da xefa do servizo de Contratación.
7. Informe xurídico de conformidade da titular da asesoría xurídica de data 22 de febreiro de 2018.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en resolución de 15 de febreiro de 2018, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto e urgente. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 20 de outubro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (14943/77) por procedemento aberto da **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II”**

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 15 de febreiro de 2018 e o prego de cláusulas administrativas de 21 de febreiro de 2018 que rexirán a



## Concello de Vigo

contratación do **FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II”**

3º.- Aproba-lo gasto de 56.409,01 €, para a contratación do servizo formación para a inserción laboral, con cargo á partida 2410 2279919 “FORMACIÓN PROXECTO ‘Vigo polo emprego da mocidade II’” do presuposto correspondente ao ano 2018.4º  
Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(202).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO. EXPTE. 14689/77.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**14(203).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMO AUTÓNOMOS. EXPTE. 386/242.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización de data 1/03/18, dáse conta do informe-proposta do 28/02/18, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que apróbase o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- O Concelleiro Delegado de patrimonio en data 19 de febreiro de 2018 dictou o decreto para iniciar os tramites administrativos para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello e os seus organismos autónomos.

Segundo.- Polo servizo de patrimonio redactouse en data 21 de febreiro do 2018 o Prego de prescricións técnicas para a contratación da cobertura de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo.

Asi mesmo, o departamento de Contratación o 27 de febreiro do 2018 procedeu á emisión do Prego de Clausulas administrativas particulares para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos por procedemento aberto, sendo informado favorablemente pola Asesoría Xurídica municipal en data 27 de febreiro de 2018.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia esta delegada na Concellería delegada da Area de Patrimonio, resolución da alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da XGL de 19/06/2015.

Segundo.- No expediente consta, tal e como preveé o art 109-2 da TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Servizo de patrimonio e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do servizo de contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto.

Cuarto.: En cumprimento do disposto no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitíuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 27 de febreiro do 2018, informe favorable ó prego de cláusulas administrativa particulares ó estimar que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención municipal..

Quinto.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (art. 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*1º.- Aproba-lo expediente de contratación, por procedemento aberto, do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos que contén o Prego de prescricións técnicas de data 21 de febreiro de 2018 e o Prego de clausulas administrativas particulares de data 27.02.2018.*

*2º .- Aproba-lo gasto de 440.000,00 euros, para a contratación do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos*





## Concello de Vigo

*Autónomos, que se imputará á partida 9220.224.0000, e de acordo coa seguinte distribución:*

*ano 2018: 110.000,00 €*

*ano 2019: 220.000,00 €*

*ano 2020: 110.000,00 €*

*3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(204).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN DUN ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICA-FINANCEIRA QUE ANALICE A VIABILIDADE E RACIONALIDADE DA OPERACIÓN DE USO E EXPLOTACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 20056/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28/02/18 e o informe de fiscalización de data 1/03/18, dáse conta do informe-proposta do 1/03/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o concelleiro delegado de Patrimonio e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

I.- O Estadio Municipal de Balaídos trátase dun ben de dominio público (equipamento público deportivo) dos regulados no artigo 30 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas. O mesmo atópase incluído no inventario de Bens e Dereitos do Concello de Vigo (IMBD, propiedade núm 1.280).

II.- Actualmente atópase en vigor o convenio de colaboración subscrito entre o Concello de Vigo e o Real Clube Celta de Vigo S.A.D. o día 28 de maio de 1992 (renovado por acordo de novación modificativo de data 30.01.2009 entre o Concello de Vigo e o Real Clube Celta), entre outros para a cesión ao equipo deportivo profesional do Real Clube Celta para a celebración dos seus eventos deportivos de alto nivel. A vixencia do mesmo exténdese ata o ano 2034.

III. Dende o Concello de Vigo aprobouse o Plan Director de remodelación e modernización del Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos -o cal contempla as obras de remodelación do Estadio Municipal-. Xa se realizou a remodelación da grada de tribuna e actualmente estanse a executar as de Río, estando en licitación a redacción dos proxectos das gradas de Marcador e Gol e aparcamento. A remodelación xera unha serie de novos espazos susceptibles de explotación comercial, aparcamento público, etc.

IV.- Este novo escenario precisa da elaboración dun Estudio de Viabilidade-Económico Financeira no que se avalíe a viabilidade e racionalidade da operación prevista de uso e

xestión do Estadio , que sirva para determinar a modalidade de uso e explotación do ben demanial, así como á determinación do o canon e o prazo de duración que debería fixarse para a correspondente concesión ou forma de explotación, en función das conclusións que se poidan extraer dos datos económicos que reflicte.

V.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial de data 25.01.2018.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio de data 25.01.2018.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial con data 28.02.2018.
- d) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 28.02.2018
- e) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28.02.2018.
- f) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 28.02.2018

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refíren ás características do obxecto do contrato .

Quinto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.



## Concello de Vigo

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económica-financieira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio Municipal de Balaídos que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e o prazo de duración.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial con data 28.02.2018.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28.02.2018.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de 86.515,00 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 15.015,00 €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 9330.227.060.00 "Estudos do patrimonio" a nivel de bolsa de vinculación.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(205).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 8845/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 1/03/1818, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Tenencia de Alcaldía, a concelleira delegada de Patrimonio Histórico, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **1.- ANTECEDENTES:**

Con data 29 de xaneiro de 2018, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 10/01/2018, polo que se resolve o seguinte:  
“Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Terceiro programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2018, a través do Servizo de Patrimonio Histórico:  
- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.  
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.  
- 30.000 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.”
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 29 de xaneiro de 2018 para o inicio do expediente de contratación.
- Proxecto ACTUACIÓN PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 4º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, REDACTADO POR ALEJANDRO LUIS SÁNCHEZ, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 8 de febreiro de 2018, que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 9 de febreiro de 2018 pola xefa de área de xestión patrimonial e territorial e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do cuarto programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 26 de febreiro de 2018.
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 27 de febreiro de 2018.

## **2.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO:**

### **a.- Obxecto e natureza do contrato:**

**OBXECTO DO CONTRATO:** a execución das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 4º Programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública”.



## Concello de Vigo

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.a) e 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente a mellora dos espazos urbanos, que pode encadrarse dentro das competencias propias dos municipios relativas a "Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación" (artigo 25.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de OBRAS, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

**b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.** A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

**c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria.** En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo de **298.562,52 euros**, sendo o importe correspondente o IVE o de 51.816,64 euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2018, en concreto na partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.

**d.- Criterios de valoración e xustificación:**

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da

aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 12 % de puntos a criterios avaliábles por xuízo de valor, e un 88 % a criterios avaliábles a través de fórmula.

Ademáis dos criterios avaliábles a través de fórmula, que aseguran o cumprimento dos principios de igualdade e obxectividade, é necesario introducir un criterio avaliáble mediante xuízo de valor no que se teña en conta a organización do persoal (categorías profesionais e organización e distribución do traballo), así como o plan de amoreamentos e instalacións auxiliares, e o plan de seguridade.

**e.- Criterios avaliábles mediante fórmula:**

**Redución do prezo de preparación dos espazos e realización de tarefas de apoio ós artistas para a execución da súa obra: se valorará con ata 88 puntos**

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as establecidas no PCAP.

**f.- Criterios avaliábles mediante xuízo de valor:**

**Proxecto de organización e prestación das obras: valorarase con ata 12 puntos**

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) **Organización do persoal: valorarase con ata 8 puntos**

Neste apartado valorarase o organigrama do persoal que adscribirase ó programa, as súas categorías profesionais, e a organización e distribución do traballo entre o mesmo.

b) **Plan de amoreamentos e instalacións auxiliares e plan de seguridade: valorarase con ata 4 puntos**

Valorarase a localización proposta para os amoreamentos, as instalacións auxiliares, e a custodia dos materiais empregados polos artistas e as medidas propostas de sinalización e seguridade que se adoptarán en cada un dos espazos obxecto do contrato.

**g.- Prazo de execución e prórroga:**

O prazo de execución é de 90 días.

**h.- Solvencia económica e financeira e técnica:** non se esixe clasificación, aínda que para acreditar a solvencia determínase: Grupo c (edificacións), subgrupo 4 (Albañilería, revocos e revestidos), categoría 2.

**i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:** Non se fixan.

**j.- Modificación do contrato:** sí.



## Concello de Vigo

- A) ASPECTOS A MODIFICAR:** eliminación dalgún espazo de actuación ou a substitución por outro diferente.
- B) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:** pola aparición de circunstancias non contempladas que motiven a imposibilidade de execución do tratamento previsto nalgún dos espazos obxecto do contrato, como consecuencia de vicios ocultos, de anulación do permiso da propiedade do espazo no que se pretende actuar, ou de problemas relacionados con algún dos artistas.
- C) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:** 20%

**k.- Responsable do Contrato:** A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

**l.- Seguro:** Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.

**m.- Subcontratación:** non se fixa.

### **3.- PROPOSTA:**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

**1º.- Aprobar a contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANERAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas** Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 26 de febreiro de 2018.

**3º.- Autorizar o gasto:**

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 246.745,88 euros
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 51.816,64 euros
- C) ORZAMENTO TOTAL: 298.562,52 euros
- D) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 296.095,06 euros

**Aplicación orzamentaria:** 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(206).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE). EXPTE. 8846/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 26/02/18, asinado po

**1.- ANTECEDENTES:**

Con data 16 de xaneiro de 2018, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE)

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 16 de xaneiro de 2018 para o inicio do expediente de contratación.
- Proxecto BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE), redactado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 14 de decembro de 2017, que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 07 de febreiro de 2018 pola xefa de Área de xestión patrimonial e territorial e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade da edificación coñecida como “Villa Solita” (Alcabre).
- Pregos de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 26 de febreiro de 2018.
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 26 de febreiro de 2018.

**2.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO:**

**a.- Obxecto e natureza do contrato:**

**OBXECTO DO CONTRATO:** a execución das obras do proxecto “CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE)

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.a) e 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os





## Concello de Vigo

aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente a mellora dos espazos urbanos, que pode encadrarse dentro das competencias propias dos municipios relativas a “Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación” (artigo 25.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de OBRAS, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

**b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.** A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

**c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria.** En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo de, IVE engadido, de DOUSCENTOS SETENTA E SETE MIL EUROS (277.000 EUROS), sendo o importe correspondente o IVE o de 48.074,38 euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2018, en concreto na partida 3360.6190001 RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR FINCA SOLITA.

**d.- Criterios de valoración e xustificación:**

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 12 % de puntos a criterios avaliábeis por xuízo de valor, e un 88 % a criterios avaliábeis a través de fórmula.

Ademais dos criterios avaliábeis a través de fórmula, que aseguran o cumprimento dos principios de igualdade e obxectividade, é necesario introducir un criterio avaliábel mediante

xuízo de valor no que se teña en conta o proxecto de organización e execución das obras, en concreto a organización do equipo de traballo adscrito ao contrato, así como o plan de amoreamentos e instalacións auxiliares, e os condicionantes externos existentes.

---

**e.- Criterios avaliados mediante fórmula:**

**Xustificación do criterio: puntuación máxima de 88 puntos.**

---

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as establecidas no PCAP.

**f.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor:**

**Proxecto de organización e execución das obras:** valorarase con ata **12 puntos**

A puntuación distribuirase nos seguintes **apartados:**

**a) Organización do equipo de traballo adscrito ao contrato:** valorarase con ata **8 puntos**

Organigrama do persoal: valorarase con ata 2 puntos

Organización e distribución do traballo: valorarase con ata 1 punto

Experiencia do persoal e a súa especialización no campo da restauración: valorarase con ata 1 punto

Maquinaria e man de obra necesaria para o seu funcionamento: máximo 2 puntos

Rendemento dos equipos e duración das tarefas: máximo 2 puntos

**b) Plan de amoreamentos e instalacións auxiliares e dos condicionantes externos existentes:** valorarase con ata **4 puntos**

Cuantificación dos amoreamentos: valorarase con ata 1 punto

Localización de amoreamentos: valorarase con ata 0,5 puntos

Localización de casetas: valorarase con ata 0,5 puntos

Localización de guindastre: valorarase con ata 0,5 puntos

Análise das obras no contorno: valorarase con ata 0,5 puntos

Análise doutros condicionantes do contorno: valorarase con ata 1 punto

**g.- Prazo de execución e prórroga:**

O prazo de execución é de 6 meses.

**h.- Solvencia económica e financeira e técnica:** non se esixe clasificación, aínda que para acreditar a solvencia determínase: grupo k *Especiais*, subgrupo 7 *Restauración de bens inmobles histórico-artísticos*, categoría 2

**i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:** Non se fixan.



## Concello de Vigo

**j.- Modificación do contrato:** non.

**k.- Responsable do Contrato:** A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

**l.- Seguro:** Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.

**m.- Subcontratación:** sí, ata o 60%.

**n.- Observacións:** As obras serán cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra de acordo co convenio de colaboración co Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 23 de novembro de 2017.

**3.- PROPOSTA:** Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

**1º.- Aprobar a contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS PARA A CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO "VILLA SOLITA" (ALCABRE).

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas** Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 26 de febreiro de 2018.

**3º.- Autorizar o gasto:**

- E) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:** 228.925,62 euros
- F) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 48.074,38 euros
- G) ORZAMENTO TOTAL:** 277.000,00 euros
- H) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 228.925,62 euros

Aplicación orzamentaria: 3360.6190001 RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR FINCA SOLITA.

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(207).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN OU REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 29372/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23/02/18 e o informe de fiscalización de data 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado polas dúas técnicas de prevención de riscos laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante Resolución de 3 de febreiro de 2017 o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para a elaboración ou revisión e actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación en caso de emerxencia dos centros municipais do concello de Vigo.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade do contrato, de data 3 de febreiro de 2017 asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola xefa de área de RRHH e Formación.
- Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal de 3 de febreiro de 2017 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas asinado polas técnicas de Prevención de Riscos Laborais do SPPRL e conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, de data 2 de febreiro de 2018.
- Memoria xustificativa do contrato, asinado polas técnicas de prevención de riscos laborais do SPPRL, e conformado pola Xefa do Servizo RRHH de data 2 de febreiro de 2018.



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, de data 23 de febreiro de 2018, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación e a xefa do servizo de Contratación.
- Informe xurídico favorable ao expediente de contratación, de data 23 de febreiro de 2018, asinado polo letrado especialista orde social, civil, contenciosa e mercantil e pola xefa de Asesoramento.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do Real decreto legislativo 3/2011, iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 16 de xuño de 2008 nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal en resolución de 3 de febreiro de 2017 autorizou o inicio do expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do Real decreto legislativo 3/2011, o prego de prescricións técnicas, asinado polas Técnicas de PRL do SPPRL, conformado pola Xefa da área de RRHH e Formación, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto, definido como procedemento ordinario de contratación no artigo 138.2 do Real decreto legislativo 3/2011.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto no artigo 113 do Real decreto legislativo 781/1986, no artigo 318.2 da Lei de Galicia 5/1997, na disposición adicional 8ª da Lei 57/2003 e na disposición adicional 2ª.8 do Real decreto legislativo 3/2011, emitiuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, con data 23 de febreiro de 2018, informe favorábel ao expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 93-3º da LCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación o expediente.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional 2ª.3 do Real decreto legislativo 3/2011. A resolución, segundo o artigo 110.1 do Real decreto legislativo 3/2011, deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

**Sétimo:** O contrato considérase como de servizos, conforme ao artigo 10 do Real decreto legislativo 3/2011.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Aprobar un gasto de 96.800,00 euros (IVE incluído) desglosado da seguinte forma: ano 2018 – 32.266,67 euros, ano 2019 - 48.400,00 euros, ano 2020 – 16.133,33 euros, para a contratación da elaboración ou revisión e actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación en caso de emerxencia dos centros municipais do Concello de Vigo que se imputarán á partida 9201.2279900 e bolsa de vinculación, dos presupostos dos anos 2018 ao 2020 .

2º Aprobar o expediente de contratación 29372/220 para a contratación da elaboración ou revisión e actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación en caso de emerxencia dos centros municipais do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas de 2 de febreiro de 2018, a memoria xustificativa de 2 de febreiro de 2018, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 23 de febreiro de 2018, que se inclúen no expediente.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(208).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DE UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 5192/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7/02/18 e o informe de fiscalización de data 22/02/18, dáse conta do informe-proposta do 14/02/18, asinado polo oficial xefe do Servizo de Bombeiros, o concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Mediante Resolucións de 19 de decembro de 2017 o Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o Servizo de Bombeiros.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade do contrato asinado por xefe do servizo de Bombeiros o 19 de decembro de 2017.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo oficial xefe do servizo de data 23 de xaneiro de 2018 có conforme do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade.
- Informe da Letrada-Xefa de Asesoramento de 23 de xaneiro de 2018, no que sinala correccións nas FEC do PCAP e a emisión de informe polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) que recolle os cambios indicados polo Servizo de Contratación, asinado polo oficial xefe do servizo de Bombeiros de 31 de xaneiro de 2018.
- Dilixencia asinada pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de 1 de febreiro de 2018 de redacción dun novo prego de cláusulas administrativas particulares coas correccións sinaladas pola Asesoría Xurídica.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinada pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de 1 de febreiro de 2018.
- Informe da Asesoría Xurídica de 7 de febreiro de 2018, asinado pola letrada-xefa de asesoramento e a titular da Asesoría Xurídica.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade en resolucións de 19 de decembro de 2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo oficial xefe do servizo de Bombeiros e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral da oficina de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a tramitación ordinaria de acordo coa xustificación que figura na memoria xustificativa de 23 de xaneiro de 2018 asinada polo oficial xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme do Concelleiro-Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade da mesma data.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei de

Administración Local de Galicia e disposición adicional oitava, apartado e) da LRBRL, emitíuse pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, con data 7 de febreiro de 2018, informe favorable ao expediente de contratación, informe asinado pola letrada-xefa de asesoramento e a letrada-titular da Asesoría Xurídica Municipal.

**Quinto.-** No artigo 109.3 e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, , se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención par o Servizo de Bombeiros redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 1 de febreiro de 2018.*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a licitación para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención par o Servizo de Bombeiros, redactado polo oficial xefe do servizo con data 31 de xaneiro de 2018.*

*3º.- Autorizar o gasto establecido como orzamento base de licitación no apartado 3 das FEC, por importe de 811.375,00 euros, máis o 21% (170.388,75 euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local. O que fai un importe total de*

**981.763,75 euros (novecentos oitenta e un mil setecentos sesenta e tres euros e setenta e cinco céntimos)** *para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención do Servizo de Bombeiros., con imputación á aplicación orzamentaria 13602210400 “ Renting vestuario especial” e bolsa de vinculación do presuposto municipal vixente, establecéndose as seguintes anualidades con IVE incluído:*

*. Ano 2018 - 98.176,38€  
. Ano 2019 - 196.352,75€  
. Ano 2020 - 196.352,75€  
. Ano 2021 - 196.352,75€  
. Ano 2022 - 196.352,75€  
. Ano 2023 - 98.176,38€*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*





## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(209).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA). EXPTE. 20/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15/02/18 e o informe de fiscalización de data 26/02/18, dáse conta do informe-proposta do 21/02/18, asinado pola técnico de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I.- ANTECEDENTES

**1º.-** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.6190015 “*Humanización entorno Rosalía de Castro entre Serafín Avendaño e Heraclio Botana*”.

**2º.-** En relación a esta actuación, o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 8 de agosto de 2016, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de obras necesario para a execución da devandita humanización, a prol da empresa URBING, Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil (B36982510).

**3º.-** A citada mercantil presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA)”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SETE MIL VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (487.024,77 €) en data decembro 2017.

En cumprimento do disposto no Plan Xeral vixente e nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, e toda vez que as actuacións desenvólense no contorno do xacemento do Areal, ben catalogado no planeamento municipal e polo tanto patrimonio cultural de Galicia, o proxecto de obra e o Informe do Departamento de Patrimonio Histórico remitíronse á Consellería de Cultura por precisar previa autorización.

Ao abeiro destas disposicións en data 5 de outubro de 2017, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolve “*Autorizar a actuación proposta, non obstante deberán realizarse unhas sondaxes arqueolóxicas co obxecto de avaliar a potencialidade arqueolóxica das zonas onde se prevé realizar as obras, polo que antes do comezo das obras, se deberá presentar (por duplicado), o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*”.

4º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3480/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 25.01.2018 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 25.01.2018 correspóndese co expediente administrativo 3480/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 29.01.2018, e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 30.01.2018.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza de data 30.01.2018.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 31.01.2018.
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 07.02.2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09.02.2018
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 15.02.2018

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.



## Concello de Vigo

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustificase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato

Quinto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiamento das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de *"HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA)"*, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges, de decembro de 2017.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09.02.2018.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS OITENTA E SETE MIL VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (487.024,77 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 84.524.96 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da partida orzamentaria 1532.6190015 *"Humanización entorno Rosalía de Castro entre Serafín Avendaño e Heraclio Botana"*.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 90.000,00 €

2019: 397.024,77€

**Cuarto:** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 441,14%.

**Quinto:** Abrir o procedemento de licitación para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **21(210).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL 2002-GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRA GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 18/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27/02/18 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 27/02/18, asinado pola técnico de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN” E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4152/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 30 de decembro de 2016.

*O obxecto do citado convenio establece a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e execución das obras precisas para a transformación e humanización da rúa Emilia Pardo Bazán entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios.*

**2º.-** Mediante Decreto 20/2017, de 20 de febreiro, aprobouse o cambio de titularidade a prol do Concello de Vigo da Estrada Provincial EP-2002 Gran Vía-Avenida Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, tramo comprendido entre a Avenida de Madrid e a intersección coa Avenida Arquitecto Palacios (DOG núm. 40 de 27.02.2017), corresponden ao Concello de Vigo, o mantemento, conservación e explotación da citada vía.



## Concello de Vigo

**3º.-** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.10 “C.DEP. 1ª Anua. Carretera Provincial(G.V. Arq.Palacios)”.

**4º.-** Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.09.2017 acordou “Adxudicar a URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L, o procedemento aberto para contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de Humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440).

**5º.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3559/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 17.01.2018 de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 17.01.2018 correspondese co expediente administrativo 3559/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos , e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 22.01.2018.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza de data 22.01.2018
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 23.01.2018.
- e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 29.01.2018.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 26.02.2018
- g) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 14.02.2018 e informe complementario de data 27.02.2018.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato

Quinto.- A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiamento das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "*HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL 2002-GRAN VÍA AVD. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS* ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges, de decembro de 2017.

**Segundo:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 26.02.2018.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (2.890.688,26 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 501.689,70 €.



## Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da partida orzamentaria 1532.619.00.10 "C.DEP. 1ª Anua. Carretera Provincial(G.V. Arq.Palacios).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 1.234.817,44 €

2019: 1.655.870,82€

**Cuarto:** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 134,10%.

**Quinto:** Abrir o procedemento de licitación para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(211).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2018. EXPTE. 8560/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28/02/18 e o informe de fiscalización de data 1/03/18, dáse conta do informe-proposta do 1/03/18, asinado pola xefa do servizo de Xuventude, a concelleira delegada da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de xaneiro de 2018 dende a Concelleira de Xuventude xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato maior para a xestión dos campamentos de verán dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento de la participación infantil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.

O día 5 de febreiro incorpórase a memoria xustificativa e o Prego de Prescripcóns Técnicas. O 14 de febreiro incorpórase o PCAP e remítese ao Servizo de Asesoría Xurída o expediente para informe. O día 21 de febreiro Asesoría Xurídica require motivación das melloras e do apartamento do cambio de puntuación nos criterios de adxudicación , respecto ao expediente do pasado ano 4912-336.

O día 22 de febreiro, este Servizo Xestor incorpora un informe ao expediente, onde se xustifican as melloras establecidas na memoria xustificativa.

O día 27, incorpórase ao expediente unha táboa promenorizada de costes de cada un dos lotes, analizando os gastos de persoal, gastos xerais e beneficio empresarial, que modifica o orzamento base de licitación inicialmente establecido; razón pola cal redáctase unha nova memoria xustificativa ( 28/02/18), con novos orzamentos de licitación e redución da puntuación dos criterios avaliábeis mediante fórmula e xuízo de valor, así como do umbral previsto. Con data 28/02/18, incorpórase ao expediente, atendendo as variación anteriormente sinaladas, un novo PCAP, que recolle as correccións contepladas na memoria xustificativa e táboa de costes, remitíndose o expediente a Asesoría Xurídica para informe.

O día 28 de febreiro Asesoría Xurídica emite informe xurídico favorable.

Remítese o expediente a Intervención para a correspondente fiscalización previa do mesmo. O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación ordinaria con división en seis lotes.

As características máis destacadas do contrato son as seguintes:

- LOTE 1: VERÁN NÁUTICO I (3 quendas de 10 días c.u. / 50 participantes e 1 de 9 días/ 50 participantes) = 4 quendas = 200 participantes
- LOTE 2: VERÁN NÁUTICO II (3 quendas de 10 días c.u. / 80 participantes e 1 de 9 días/ 80 participantes) = 4 quendas = 320 participantes
- LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO (3 quendas de 10 días c.u. / 50 participantes e 1 de 9 días/ 50 participantes) = 4 quendas = 200 participantes
- LOTE 4: VERÁN NA PRAIA (6 quendas de 10 días c.u. /50 participantes e 2 de 9 días/50 participantes) = 8 quendas = 400 participantes
- LOTE 5: VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS (3 quendas/ 10 días/ 50 participantes) = 150 participantes
- LOTE 6: VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS (3 quendas/ 10 días/ 50 participantes) = 150 participantes
- LOTE 7: VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS (3 quendas/ 10 días/ 50 participantes) = 150 participantes
- LOTE 8: VERÁN EN INGLÉS (2 quenda de 10 días/ 50 participantes) = 100 participantes
- LOTE 9: CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO (3 quendas de 5 días c.u./52 participantes) = 156 participantes

ORZAMENTO TOTAL: 209.307,27 euros

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 190.279,34 euros

PREZO CON IVE: 209.307,27 euros

PARTIDA PRESUPOSTARIA: 3370.2279912

O prego de cláusulas administrativas particulares, a folia de especificacións do contrato e o PPT, foron informados favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**





## Concello de Vigo

“1º.- Autorizar o gasto de 209.307,27 € para a contratación da xestión dos campamentos de verán, que se imputará á partida presupostaria 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación , coa seguinte distribución presupostaria nos seguintes LOTES:

LOTES	EUROS
1	20.008,30 €
2	36.294,08 €
3	20.008,30 €
4	38.335,25 €
5	14.371,13 €
6	14.371,13 €
7	14.371,13 €
8	9.583,82 €
9	41.964,15 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión dos Campamentos de Verán para o presente ano de data 28 de febreiro de 2018 , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 5 de febreiro de 2018.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez